Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

malia a que no noso país trátase dun recurso que se pesca en augas interiores , con plans de explotación, e que leva anos en equilibrio.

Tamén, para o abadexo a CE propón un recorte do 53% no Golfo de Biscaia e no Cantábrico Noroeste, que supera con moito o 36% proposto polo ICES e que, aínda non sendo unha especie principal para a frota galega, é un recurso complementario que, segundo Pescadegalia, supuxo para a frota de artes menores de Galiza unha facturación de máis de 2 millóns de euros no ano 2022 (315.000 quilos). A importante diminución que se propón para o 2024, pode provocar que a frota teña que parar se se acaba a cota dispoñíbel, xa que se entra no aparello non pode descargarse en lonxa nin devolverse ao mar, situación que xa vén causando problemas nos últimos anos.

Por último, para a cigala de Galiza (área fucional 25), a CE propón para os vindeiros anos que continúe practicamente pechada na súa totalidade unha veda que xa dura, con este, 7 anos.

En definitiva, un 2024 que se presenta outra vez moi complicado para gran parte do sector pesqueiro galego e que un ano máis pon en evidencia a necesidade imperiosa dunha reforma da Política Pesqueira Común (PPC) que xa leva suposto o insoportábel balance de termos pasado de 5.600 barcos no 2004 en Galiza aos apenas 4.000 da actualidade sen que, ademais, os distintos Gobernos do Estado e da Xunta de Galiza teñan tomado medidas para evitalo.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o Goberno galego respecto da posíbel reiteración de recortes de TACs e cotas de especies fundamentais para a frota galega de cara a 2024?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/11/2023 10:25:08

Carmela González Iglesias na data 07/11/2023 10:26:09

Daniel Castro García na data 07/11/2023 10:26:34



Á Mesa do Parlamento

María Susana López Abella, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O sector do viño na nosa comunidade, ten unha grande importancia económica e social, en particular no relativo á elaboración de viños de calidade diferenciada, xa que contamos con cinco denominacións de orixe protexidas (DOP) e catro indicacións xeográficas protexidas (IXP), ás que están acollidas 13.400 viticultores e 479 adegas, cun valor económico estimado do viño comercializado superior aos 200 millóns de euros.

Polas particulares características da actividade económica das adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, requírese un importante volume de financiamento. O longo período de elaboración e a necesidade de afrontar o pagamento das colleitas nun prazo máximo de 30 días desde a validación formal da colleita por parte dos Consellos Reguladores, fan imprescindible dispor de financiamento bancario recorrente para as campañas, que ten a consideración de capital circulante estrutural.

A crise causada pola covid-19 neste sector, paliouse mediante instrumentos financeiros que permitiron aprazar os pagamentos das colleitas dos anos 2020 e 2021. O actual contexto de importante subida dos tipos de interese, fai que o custo de financiar a actual campaña supoña un importante lastre, ademais de dificultades de acceso ao crédito, afectando á competitividade das adegas, e podendo chegar a impedir que os viticultores cobren a colleita nos prazos estipulados.

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do 27 de setembro de 2023, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2023.





*Así, por resolución do 16 de outubro de 2023 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2023, publícase no Diario Oficial de Galicia para o ano 2023 en réxime de concorrencia non competitiva o día **24 de outubro de 2023**.*

O pasado 26 de outubro, o director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, acompañado polo director financeiro do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), comezou unha serie de visitas aos Consellos Reguladores das denominacións de orixe, Valdeorras e Ribeira Sacra para presentarlles aos bodegueiros as axudas do Igape para a adquisición de uva.

Por todo o anterior, as deputadas e os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é a valoración que fai a Consellería do Medio Rural sobre a situación actual do sector do Viño en Galicia ?

Santiago de Compostela, 7 de Novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Susana López Abella na data 07/11/2023 10:24:49

José Antonio Armada Pérez na data 07/11/2023 10:25:03

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/11/2023 10:25:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raquel Arias Rodríguez na data 07/11/2023 10:25:39

Gómez Salgado, Carlos na data 07/11/2023 10:25:52

Ángel Rodríguez Conde na data 07/11/2023 10:26:03

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 07/11/2023 10:26:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os danos ocasionados polas inundacións do río Tea e Miño nos concellos da Comarca do Condado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pasados días 4 e 5 de novembro producíronse episodios de intensas choivas que afectaron a moitos puntos de Galiza e que tiveron unha incidencia moi importante nos concellos polos que descorre o río Tea, o Miño e algúns regatos que desembocan nestes.

Como consecuencia destas fortes choivas producíronse considerables danos materiais tanto en propiedades privadas como en bens de titularidade pública. No caso dos bens públicos resultaron afectadas pontes, estradas, sendas, instalacións deportivas ou parques infantís, e producíronse danos en bens do patrimonio cultural de valor como a Ponte romana de Fillaboa en Salvaterra de Miño ou un ben simbólico como a varanda de pedra do Paseo de Troncoso, no concello de Mondariz Balneario. Estando afectada tamén a Senda do Tea que descorre por Mondariz, Mondariz Balneario e Pontearreas, onde as pontes e pasarelas de madeira, indicadores e valados foron arrastrados río abaixo. As veciñas e veciños podían identificar os restos do concello limítrofe.

Na análise dos danos débese ter en conta a situación dos ríos e das bacías fluviais, o abandono de actividades tradicionais, os cambios na ocupación e nos usos do solo ou a construción de edificacións, algunhas delas ilegais e outras de iniciativa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pública, en zonas potencialmente inundables. Todas estas cuestións deben ser avaliadas e estudadas co obxecto de previr no futuro situacións de emerxencia e riscos para bens e persoas.

Debemos ter en conta que moitos dos municipios afectados nas Comarcas Condado-Paradanta-Louriña aínda non foron quen de recuperar a maioría das infraestruturas e instalacións xa que non recibiron un só céntimo de axudas por parte das Administracións Públicas. O goberno da Xunta mirou cara outro lado e nin se dignou a ter visitado as zonas asolagadas nin no Nadal nin agora e a Deputación sacou unha liña de axudas tan só para os Concellos máis pequenos, quedando vilas como Ponteareas sen recursos de ningún tipo para enfrontar as obras de recuperación necesarias de servizos básicos para a veciñanza que quedaron arrasados.

En relación coas consecuencias deste asolagamento de primeiros de novembro, na maior parte dos casos afectaron a bens de titularidade municipal e son os concellos quen están a facer a avaliación dos danos e a reparación dos mesmos estes días, na espera de que os niveis de ríos e regatos se normalicen.

Mais está claro que os concellos non teñen medios nin capacidade económica para asumir os elevados custos das obras que hai que levar a cabo e que están sendo avaliados. Nunha situación de emerxencia como estas inundacións recorrentes (levamos na Comarca 5 en menos dun ano), o goberno galego debe exercer as súas competencias e asumir o liderado na resposta e prevención cara ao futuro, con actuacións do seguinte tipo:

-Presenza no territorio e comunicación directa coas alcaldías para coñecer o alcance dos danos, colaborar na avaliación dos mesmos e analizar as medidas para reparalos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coordinación coa FEGAMP para a avaliación global dos danos e o establecemento de axudas económicas aos concellos afectados.

-Demanda de colaboración a outras administracións, nomeadamente ao goberno central, mediante a dotación dun fondo extraordinario para facer fronte aos danos.

-Establecemento de medidas preventivas en relación con posíbeis episodios de choivas cada vez máis recorrentes en períodos máis curtos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo a Xunta en relación cos danos provocados polas riadas do 4 e 5 de novembro nos concellos das Comarcas do Condado-Paradanta-Louriña?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 07/11/2023 10:42:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2023 10:42:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Diego Lourenzo Moura e Carmen Aira Díaz, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de outubro de 2.020 publicouse a Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de Axudas Temporais e Excepcionais aos Sectores Agrarios máis Desfavorecidos polos efectos da Covid 19.

Estas axudas viñan cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Na devandita Orde, no seu artigo 6, apdo. 4 establecíase, de xeito arbitrario, coma condición para ter acceso a estas axudas que a explotación tivese máis de 10 vacas nutrices.

Este despropósito bloqueaba o acceso a estas axudas a máis de 10.000 pequenas explotacións galegas de carne, máis da metade das que hai en activo.

Esta arbitrariedade súmase ás medidas políticas do PP en contra das medianas e pequenas granxas familiares diga o que diga a literatura propagandística con que as visten inzada de loas á sostibilidade, respecto medioambiental e carácter social.

Mentira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque medidas coma esta suman activos dabondo para incitar ao peche da actividade agraria e gandeira e apuntan a un abandono “orientado” para promocionar a entrada de capital e macroexplotacións que nada van aportar á xestión do territorio nin a un desenvolvemento sostible da actividade agrogandeira.

As organizacións agrarias puxeron o grito no ceo e o SLG púxoo nos tribunais que fallaron a favor dos gandeiros e en contra da medida condenando á Xunta a rectificar. Houbo recurso que novamente fallaron no mesmo sentido.

Pero o tempo pasou e pasa sen que nada se saiba. A Consellería de Medio Rural deixa pasar o tempo, non dá cumprimento á sentenza e burla a razón e a xustiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a razón pola que a Consellería de Medio Rural se nega a dar cumprimento á sentenza do TSXG a respecto da denuncia presentada polo SLG debido á exclusión das granxas de menos de 10 vacas nutrices da cobertura da Orde de 28 de outubro de 2020?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Diego Lourenzo Moura

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/11/2023 10:57:55

Diego Lourenzo Moura na data 07/11/2023 10:59:48

María del Carmen Aira Díaz na data 07/11/2023 11:00:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de realizar as actuacións necesarias para evitar o risco de inundacións producidas como consecuencia das enchentes dos ríos Miñor e Zamáns, no Concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as previsións sobre os efectos do cambio climático provocado por mor da propia acción humana, os temporais con chuvias intensas van ser cada vez máis habituais. A maiores no caso de Gondomar, débese ter moi en conta a orografía, a influencia das mareas, a suba do nivel do mar e o aliviado da presa de Zamáns (Vigo); todos eles elementos aos que cómpre prestar moita atención de cara ao futuro, pois están na base das enchentes dos ríos Miñor e Zamáns, problema endémico nesta Vila. A iso, únense os efectos causados polo urbanismo na alteración das concas fluviais e o litoral, o que eleva o risco de inundacións.

En febreiro de 2021 a Xunta anunciaba a remisión ao Concello de Gondomar dun convenio de colaboración polo que ambas administracións asinaban un acordo en relación a un proxecto de obras destinadas a reducir ese constatado risco de inundacións. A administración galega asumiría o financiamento íntegro de todas as actuacións previstas, correspondéndolle ao Concello someter o proxecto a información pública, poñer a disposición os terreos necesarios e conseguir as autorizacións precisas, así como recibir as obras e asumir o seu mantemento e conservación posteriores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Case un ano despois, en xaneiro de 2022, Augas de Galicia anunciaba a aprobación do proxecto de execución. Esa demora veu provocar que o goberno local non puidera tramitar a posta a disposición dos terreos afectados pola obra, xa que, ao non ser estes de titularidade municipal, era preceptiva a aprobación previa, atrasando aínda máis a posibilidade de inicio da actuación.

E non foi até novembro de 2022 que o Goberno galego procedeu á adxudicación das actuacións por un valor aproximado de 2,3 millóns de euros e cun prazo de execución de 12 meses.

As obras terían por obxecto contribuír á redución dun “risco potencial significativo de inundación” das concas dos ríos Miñor e Zamáns mediante unha actuación que se executaría no marco do citado convenio de colaboración co Concello de Gondomar, nun proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) da Unión Europea (UE), no marco operativo Feder Galicia 2014-2020.

Unha vez adxudicado, primeiro anunciaron que comezarían a primeiros de 2023, logo que antes do verán e, posteriormente, no mes de xullo volven anunciar o inicio das obras neste caso para o outono. O caso é que entramos en plena época de chuvias e a obra segue sen se iniciar.

Para a veciñanza de Gondomar, logo dos efectos dos desbordamentos producidos os días 19 e 24 de decembro de 2022 (Noiteboa) e 1 de xaneiro de 2023, constitúe unha irresponsabilidade o incumprimento reiterado por parte do goberno galego dos anuncios de inicio das obras destinadas a reducir o risco de inundacións. E, desde logo, é lamentable que este atraso estea provocado --segundo declaracións das propias administracións--, porque goberno galego e goberno local non dean acordado unha solución para canalizar o intenso tráfico que circula a diario pola rúa de Curros Enríquez, afectada polas obras no punto de confluencia dos ríos Miñor e Zamáns. Produce unha grande preocupación que, a estas alturas do ano, aínda non teñan claro cal





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

vai ser o plan de tráfico para o tempo de execución da obra e que, a xuízo do BNG, pasa por dar acceso libre e gratuíto á AG-57 para convertela nunha circunvalación de uso obrigatorio para todo o tráfico que non teña como destino a vila de Gondomar.

Por outro lado, e a respecto desas obras, Augas de Galicia debería despexar as dúbidas a respecto da idoneidade e efectividade das mesmas, sobre todo diante da preocupación mostrada pola veciñanza afectada polas inundacións que indica que, aínda que esas obras poden aliviar as inundacións no centro da Vila, se non se actúa na ponte de Mañufe e río abaixo, o caudal das crecidas verase incrementado no barrio da Ponte, con máis auga en menos tempo e con máis forza. Seguramente sería necesario o estudio e revisión e mellora, se for o caso, do proxecto do executivo galego para garantir que efectivamente sirva aos fins perseguidos, non produza efectos negativos e se asegure un óptimo uso dos cartos públicos.

Pero sobre todo é urxente que se poidan realizar as actuacións necesarias no menor tempo posible. Porque na madrugada do pasado 26 de outubro volveron desbordar os ríos e volveu haber estragos, asolagamentos de desagradables consecuencias e moito temor por quen xa viviu días difíciles. Crean indignación na veciñanza de Gondomar afectada polas inundacións as escusas e as acusacións cruzadas entre Xunta e Concello, sen que nin unha nin outro poñan en marcha as medidas urxentes no camiño de evitar, con todos os mecanismos posíbeis, que se produzan máis danos materiais e que se poidan dar peores consecuencias.

A maiores, e dado o efecto que pode producir a coincidencia do aliviado da presa de Zamáns cos momentos de maior crecida dos ríos, cómpre tamén que o Concello de Vigo se dote dun Plan de Emerxencia de Presa que, ademais de establecer as medidas a poñer en marcha nunha eventual situación de descarga masiva de auga que afectaría de pleno á Vila de Gondomar, regule tamén as descargas controladas con antelación aos momentos de maior nivel, tendo en conta as previsións meteorolóxicas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de forma preventiva e sostida no tempo, para evitar que a descarga de seguridade se produza cando máis chove e canda preamar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando ten previsto o Goberno Galego iniciar as actuacións necesarias para paliar o risco de inundacións e evitar os danos provocados polas mesmas no concello de Gondomar que afecta ?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 07/11/2023 12:53:01

Alexandra Fernández Gómez na data 07/11/2023 12:53:25

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2023 12:54:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela, Gonzalo Caballero Miguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Universidade de Santiago conta entre as súas titulacións co Grao en Farmacia, que é unha titulación xa clásica e referente dentro da oferta universitaria de Galicia sendo unha titulación única en todo o territorio autonómico e tamén con moita referencia entre todo o noroeste de España. Historicamente a titulación en Farmacia, e a súa capacidade investigadora, son garantía dunha formación de calidade e dun alto nivel en I+D+i e na calidade académica dos seus cursos de doutorado e da súa formación investigadora.

Non en tanto, e a pesares da calidade exhibida durante todo este tempo, hai anos que o estado do edificio que albergaba a Facultade de Farmacia foi deteriorándose de maneira irremediable sen que o goberno de Galicia afrontara a necesidade de colaborar coa Universidade de Santiago para mantelo e recuperalo de maneira axeitada. Durante tempo, a proposta dunha nova facultade tiña todo o sentido e dende o goberno autonómico foise dando largas ao asunto ata que o edificio citado tivo que deixar de ser utilizado debido á súa situación.

Actualmente os investigadores das liñas vinculadas á farmacia atópanse noutros centros, como o Ciqus, e o alumnado ten que usar outros centros para a súa formación de grao, como as facultades de Relacións Laborais, de Dereito ou de Psicoloxía, entre outras, deslabazando a súa formación e perdendo as posibilidades que ofrece unha facultade propia.



A Universidade de Santiago, consciente da necesidade, atópase nunha situación na que precisa a implicación da Xunta de Galicia para afrontar un novo investimento para dotarse dunha nova facultade. A USC ten amosado a súa vontade e compromiso económico, mais é coñecido que é preciso un investimento autonómico para afrontar un coste tan relevante, que supón unha mellora para o conxunto do sistema universitario de Galicia e, por tanto, para o conxunto da sociedade galega.

Acerca desta situación, o Parlamento de Galicia tivo a oportunidade de servir para debate sobre esta cuestión, xa que dende o Grupo Socialista rexistrouse fai xa dous anos unha iniciativa que trasladaba preguntas ao Goberno autonómico sobre as previsións ante este problema (Pregunta escrita con número de rexistro 24711, de novembro de 2021). A pesares de ter un tempo aproximado dun mes para a resposta por parte do Goberno, dous anos despois non existe resposta emitida vulnerando o regulamento do Parlamento de Galicia e os dereitos dos deputados/as, sen que sexa coñecida ningunha reivindicación, queixa ou reclamación por parte da Presidencia. Este silencio amosa, con toda evidencia, que o Goberno autonómico non ten prevista ningunha resposta e ningunha proposta sobre un problema como o actual.

Os orzamentos autonómicos tampouco amosaron, sucesivamente durante os último anos, ningún compromiso sobre esta posibilidade para afrontar a necesaria construción dunha nova facultade de Farmacia non existindo partidas para formular esta oportunidade, e dende o goberno autonómico evidenciase unha resistencia a comprometerse con este avance.



Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten o goberno da Xunta de Galicia a vontade de que se inicie a construción dunha nova facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 7 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/11/2023 13:24:21

Noa Susana Díaz Varela na data 07/11/2023 13:24:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/11/2023 13:24:43

Marina Ortega Otero na data 07/11/2023 13:24:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno do Estado, baseado nun ditame do Consello do Estado, contra a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e ao mesmo tempo suspende a aplicación do 40 % da norma.

Pensamos que é hora de que o Goberno galego recapacite e volva á senda do diálogo e á busca de solucións, garantindo a viabilidade e a seguridade xurídica da cadea mar-industria, do resto das empresas e traballadores así como para o conxunto dos galegos e galegas. É o momento de pensar no ben común da cidadanía galega e non na confrontación entre administracións.

Estamos de acordo en que a competencia sobre ordenación e xestión do litoral ten que vir para Galicia. A diferenza do que fixo o PP e a Xunta de Galicia, nós levamos demandando este traspaso dende a época do presidente Touriño. A Xunta empezou a reclamar esta competencia hai uns meses pero sorprende que durante 7 anos en que coincidiron gobernos do PP no Estado e en Galicia, este asunto non estivese sobre a mesa nin se tivese feito ningunha reclamación ao respecto por parte da Xunta de Galicia.

Dámoslle a benvinda a esta petición de transferencia pero emprazamos ao PP e á Xunta de Galicia a volver ao diálogo, á cordura e ao sentidiño para facer ben as cousas e garantir a seguridade xurídica. É preciso que a Xunta de Galicia se



sente a falar co Goberno central porque hai unha vía rápida, legal e segura para obter esa transferencia da ordenación do litoral.

A Xunta de Galicia debe de respectar a legalidade e negociar co Goberno de España para reclamar as competencias de modo correcto, para que dea os seus froitos como noutras comunidades.

A vía da unilateralidade tomada pola Xunta é unha mostra máis de que en realidade non lle importan nada as competencias. O único que parecen buscar con esta actitude é forzar unha confrontación co Goberno centrais quecéndose de defender os intereses de Galicia e dotar de seguridade xurídica a cadea mar-industria. Este comportamento é populista e irresponsable e provoca unha grave inseguridade xurídica que acaba pagando a cidadanía galega.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

En vista da admisión a trámite do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central fronte á Lei 4/2023, de 6 de xullo, non pensa a Goberno galego que é hora de se sentar co Goberno central para buscar solucións, dentro do marco xurídico, para acadar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do litoral de Galicia?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/11/2023 19:01:20

Eduardo Ojea Arias na data 07/11/2023 19:01:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, María Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En decembro do ano pasado levabamos unha pregunta á Comisión de Industria deste Parlamento relativo aos prazos que manexaba a Xunta de Galicia relativos ao proxecto de ampliación da balsa de lodos vermellos da planta de alúmina de Alcoa.

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia dicíanos daquela que estaban á espera dun informe técnico sobre o proxecto para ver se era viable técnica e ambientalmente e así poder autorizar esta ampliación. Trasládaba o director xeral que contaban ter ese informe listo no prazo “dunhas semanas”.

Daquela xa lle pediamos ao Goberno galego que non abandonara esta actuación fundamental para a continuidade de Alcoa, para que a planta de alúmina poida seguir funcionando. Iso si, concordamos e pedimos todas as garantías para esta autorización de ampliación da balsa de lodos vermellos de Alcoa en Morás, con toda total seguridade e con todas as cautelas.

O tempo pasa e nada sabemos desta autorización, e incluso o propio Comité de Empresa de Alcoa ten amosado a inquietude polo atraso do permiso para ampliar a balsa de lodos vermellos.

Por iso, preguntamos novamente:



Que prazos manexa a Xunta de Galicia para dar a autorización de ampliación da balsa de lodos vermellos da planta de Alúmina de Alcoa?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/11/2023 18:32:04

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/11/2023 18:32:16

Martín Seco García na data 07/11/2023 18:32:26

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/11/2023 18:32:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Diego Lourenzo Moura, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lugo é unha provincia eminentemente rural, a cabana bovina é a máis numerosa do país e ten un peso no estado moi importante por número e por nivel de produción. Sendo Galiza sufridora da falta de Superficie Agraria Útil precisa importar unha parte moi importante dos insumos o que a fai fráxil ante situacións críticas como as que se levan vivindo ao longo deste século, que poden levar a imposibilidade de conseguilos no mercado, ben por falta de tráfico transatlántico, folgas no transporte, guerras, perda de colleitas, etc. Por todo isto o incremento da SAU é tan urxente como lograr que a superficie que temos non perda capacidade produtiva.

Na provincia de Lugo vimos sufrindo a praga da rata-toupa que ataca pradeiras da montaña provocando perdas na produción de pastos e forraxeira de moita importancia, polo que o servizo de sanidade vexetal da Xunta de Galiza está destinando importantes esforzos non intento de manter a esta especie controlada para que non se estenda por pasteiros de menor altitude.

A esta praga este ano sumóuselle o denominado “verme soldado” de nome científico “*Mythimna unipuncta*”, (que ben é verdade que afecta a máis lugares do país fóra da provincia de Lugo pero con menos carga gandeira e menos agresións previas aos pastos), que recorre a provincia de norte a sul, parando polo de agora no concello da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pastoriza, concello que ten unha notoria carga gandeira. O Goberno da Xunta non estableceu ningunha medida específica porque non o considerou unha praga, senón que o achacou a un Outono extremadamente cálido e que co enfriamento das temperaturas presumiblemente acabárase o problema.

O feito é que os danos que aconteceron nos pastos foron moi importantes, a maioría deles devastados na súa totalidade, noutros nun 80%, xa que o incremento da capacidade reprodutiva desta especie motivou que nun metro cadrado chegara a haber uns 50 vermes ou máis, nin as vacas pisando nin os corvos comendo fixeron que mingudara a poboación de vermes.

Os danos foron moi importantes e afectan, sobre todo, á gandería extensiva dedicada á produción cárnica e á de leite de pastoreo, nos cultivos de millo non se pode ver tanto a incidencia debido a que os millo estaba recén recollido e as leiras roturadas. Estes danos víronse agravados por non haber ningún produto fitosanitario autorizado para botar sobre o pasto o cal permitiu que se reproduciran ao calor do outono.

A estas alturas chegou a diminución de temperaturas, a potencialidade reprodutiva da especie está anulada, algúns dos vermes morrerían, outros terán pasado a pupa para hibernar e logo na primavera converterse en aveláíñas para volver comezar o ciclo.

O próximo ano descoñecemos como se desenvolverá o clima, pero o que si temos seguro é que o máis probable é que haxa máis individuos sobreviventes que outros anos e que se poida converter en praga, ou que sen selo volvan afectar de novo aos mesmos pastos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Van vostedes artellar mecanismos de control que avisen doutro potencial ataque para o ano co fin de previr novos danos aos pastos por causa das larvas desta avelaíña?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/11/2023 11:41:49

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2023 11:42:08

Diego Lourenzo Moura na data 08/11/2023 11:43:17



Á Mesa do Parlamento

María Susana López Abella, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, e en colaboración coas consellerías de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a de Sanidade, promove a cuarta edición da campaña Come Local para promocionar nos comedores escolares de toda Galicia os produtos galegos de proximidade e con indicativo de calidade - denominacións de orixe protexidas, indicacións xeográficas protexidas e ecolóxicos de proximidade -.

O comedor escolar é unha oportunidade para que os nenos adquiran hábitos alimentarios saudables e unha forma de alimentación e nutrición óptima durante toda a súa vida.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, creemos que os comedores escolares deben fomentar a educación nutricional entre a rapazada para que aprendan a tomar decisións informadas sobre a súa alimentación a medida que van crescendo e adopten bos hábitos alimentarios.

Dende a Axencia están levando a cabo visitas a centros participantes nesta campaña, coa finalidade de comprobar cales son as súas dinámicas de xestión e as súas debilidades co fin de planificar de xeito preciso cal será a intervención máis axeitada para cada un dos comedores.

A través de Come Local, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria achegará aos comedores produtos galegos con certificado de calidade para que os nenos e nenas poidan degustalos e así comprobar a súa calidade con orixe en Galicia e cunha





trazabilidade garantida, coa intención de que os proben para incorporalos nas cociñas poñéndoos en contacto con produtores da zona que o subministren.

Ademais, levaranse a cabo accións formativas e de asesoramento tanto cos estudantes, aos que se formará en educación alimentaria, especialmente sobre as froitas e verduras que Galicia ten en cada tempada. Como ao persoal dos comedores que recibirá diversas formacións e asesorías en materia de etiquetado alimentario ou seguridade alimentaria, entre outras.

Esta campaña está aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Organización das Nacións Unidas, xa que é necesario seguir avanzando cara unha sociedade concienciada no coidado e a protección do planeta, e adoptar prácticas sostibles en toda a cadea de produción e consumo, apostando polos provedores de proximidade.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

-Cal é a valoración que fai a Axencia Galega de Calidade Alimentaria deste programa posto en marcha nos comedores escolares?

Santiago de Compostela, 7 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Susana López Abella na data 08/11/2023 18:27:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Raquel Arias Rodríguez na data 08/11/2023 18:28:35

Ángel Rodríguez Conde na data 08/11/2023 18:29:02

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 08/11/2023 18:29:11

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/11/2023 18:29:21

José Antonio Armada Pérez na data 08/11/2023 18:29:32

Gómez Salgado, Carlos na data 08/11/2023 18:29:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Susana López Abella, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O Consello da Xunta do 26 de Outubro aprobou unha nova convocatoria de achegas para este 2023 para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014- 2020.

O obxectivo destas subvencións, que están destinadas ás cooperativas agropecuarias, é mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización, co fin de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola.

Ademais, tamén busca reducir as emisións dos gases efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura. Está dirixida a cooperativas agrarias, que poderán financiar todo tipo de instalacións e investimentos de uso común, tanto de reforma como de nova construción, pero que supoñan unha redución dos custos de produción ou incrementen a súa produtividade. Tamén son subvencionables cuestións como a compra de terreo, os honorarios técnicos ou as licenzas.

Cabe destacar, unha serie de accións positivas para favorecer a incorporación e o apoio ás mulleres rurais.

As políticas da Xunta a prol do rural galego son representativas da presenza da muller neste ámbito. Destacamos as axudas do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia cunha prioridade nos criterios de valoración para a concesión das achegas. Unhas axudas destinadas a apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas agrícolas por parte de xente moza, ou para o desenvolvemento de pequenas explotacións.





Actualmente a presenza da muller galega á fronte de explotacións agrogandeiras, é maioritaria, xa que o número das titulares na nosa comunidade supera o 50 %, moi por riba do 22,6 % da media nacional.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que con axudas como estas, materialízase o compromiso decidido da Xunta de Galicia en prol do asociacionismo das explotacións agrarias, para facilitar o seu acceso á produción e a modernización dos procesos inherentes ao sector e dende unha perspectiva de xénero.

Neste sentido, refórzase o asociacionismo como compoñente esencial nunha agricultura competitiva, sustentable e orientada ao mercado global.

Por todo Isto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral:

1. Cal é a valoración que fai a Consellería do Medio Rural a respecto do impacto de estas axudas no período de referencia, 2014-2020?

Santiago de Compostela, 8 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Susana López Abella na data 08/11/2023 18:33:29

Raquel Arias Rodríguez na data 08/11/2023 18:34:52

Ángel Rodríguez Conde na data 08/11/2023 18:36:13

Gómez Salgado, Carlos na data 08/11/2023 18:36:23

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 08/11/2023 18:36:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Rubén Lorenzo Gómez na data 08/11/2023 18:36:47

José Antonio Armada Pérez na data 08/11/2023 18:37:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A Fundación Amancio Ortega entregou o pasado día 24 de outubro á Xunta de Galicia a nova residencia da terceira idade cuxa construción está a rematar en Pontevedra.

No acto de entrega das chaves o presidente Rueda non quixo aclarar algunhas cuestións relativas ao funcionamento da mesma coma por exemplo se ía a ser de xestión pública ou privada.

Tampouco aclarou aspectos coma as datas de remate e posta en funcionamento ou as dotacións coas que vai contar este centro.

Estamos a falar dunha residencia de máis de 5.000 metros cadrados que conta con 120 prazas para maiores repartidas en 42 habitacións dobres e 36 individuais.

Pontevedra unicamente conta coa residencia de Campolongo de xestión pública que ten un número de prazas claramente insuficiente para asumir a demanda existente neste municipio e nos concellos limítrofes.

Dende o Grupo Socialista defendemos o dereito das persoas maiores a recibir unha atención social pública e de calidade, polo que sostemos a necesidade de crear unha rede de residencias públicas tanto de titularidade coma de xestión que poida atender as demandas dunha poboación cada vez máis envellecida.



É por iso polo que solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia que determine a xestión pública directa da residencia de A Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai o Goberno galego asumir o compromiso da xestión pública directa da residencia de A Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/11/2023 10:10:19

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 10:10:27





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 10:13:32
Nº Rexistro: 62048
Data envío: 09/11/2023 10:13:32.151

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2023 10:10:37

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
227740

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Eduardo Ojea Arias, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A semana pasada o Consello de Contas deu traslado ao Parlamento de Galicia de dous informes de fiscalización, un relativo á “Eficiencia da colaboración público privada na execución de 5 autovías competencia da Xunta de Galicia” e outro relativo ao “Programa de ordenación e inspección do transporte”, que veñen a ser unha emenda á totalidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

O Consello de Contas analiza 5 autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza, Celanova e Costa da Morte. As 4 primeiras con modalidade de peaxe en sombra e a última a da Costa da Morte con canon de dispoñibilidade.

No ano 2014 as concesionarias do Salnés, Barbanza e Celanova solicitan á Xunta o reequilibrio das concesións, ante a baixada do tráfico estimado. Todas as empresas que resultaron adxudicatarias dos concursos presentaron ofertas con importantes baixas económicas (arredor do 25 %). Os feitos posteriores, di o Consello de Contas, amosaron os erros de previsións nas ofertas dos concesionarios, por excesivamente optimistas no tráfico estimado, o que pode agochar un compoñente estratéxico por parte destas empresas co obxectivo de resultaren gañadoras do concurso para posteriormente, como finalmente aconteceu, renegociaren os contratos incrementando as tarifas pagadas pola Administración.



As concesionarias solicitaron ese recálculo das concesións no ano 2014. Os propios pregos de condicións, ante esa caída da demanda, excluían expresamente que os concesionarios puideran reclamarlle á Administración compensacións polo feito de que a evolución real do tráfico difira das previsións.

A Xunta de Galicia ante a solicitude do reequilibrio económico solicitado polas concesionarias, aceptou automaticamente ese recálculo, saíndo en auxilio das concesionarias, e sen valorar outros escenarios, e para iso tivo que introducir vía Lei de orzamentos de 2024, unha disposición adicional que permitía a Axencia Galega de Infraestruturas para a realización de reequilibrios no caso de alteración imprevisible e extraordinaria no tráfico da autovía.

Por tanto, a Xunta de Galicia modificou, a metade do partido e de xeito unilateral as regras do xogo, xa que non estaba permitido ese reequilibrio nos pregos de condicións. Isto supuxo un incremento de 205 ME en pagos ás empresas.

E a Xunta accedeu automaticamente á petición das concesionarias sen valorar outras posibilidades, xa que a Xunta non estaba obrigada a aceptar a solicitude do recálculo do canon proposto polas concesionarias. A Xunta non valorou a posibilidade de rescindir eses contratos asinados, e volvelos a sacar a licitación, ou no seu caso executalos con medios propios. A pesar de que esta forma de proceder, a de rescindir os contratos, estaba avalada polo TS. A rescisión anticipada dos contratos, que nin sequera foi valorada pola Xunta, era a alternativa máis eficiente e máis vantaxosa economicamente falando, e así o di o Consello de Contas.



O reequilibrio destes contratos no 2014 pola caída de ingresos e de tráfico foi asumido polos orzamentos da Xunta e non polas empresas concesionarias. Calcular mal ese reequilibrio por parte da Xunta fai que teñamos que soportar un custe de 44 ME.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia atender á recomendación feita polo Consello de Contas relativa á revisión dos incrementos das tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora ata 2032 a súa contía ata o estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 11:29:40

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 11:29:53

Pablo Arangüena Fernández na data 09/11/2023 11:30:01

Paloma Castro Rey na data 09/11/2023 11:30:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputada e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A semana pasada o Consello de Contas deu traslado ao Parlamento de Galicia de dous informes de fiscalización, un relativo a “eficiencia da colaboración público privada na execución de 5 autovías competencia da Xunta de Galicia” e outro relativo ao “programa de ordenación e inspección do transporte”, que veñen a ser unha emenda á totalidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Dende o PSdeG levamos toda a lexislatura denunciando o mal funcionamento do Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia, que non dá cobertura ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega, nomeadamente no rural.

O informe de fiscalización do Consello de Contas céntrase en catro aspectos:

a) Abdicación das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados.

Nos pregos establécese que as concesionarias están obrigadas a ingresar o canon pola explotación do servizo no mes de xaneiro do ano seguinte do exercicio correspondente.

E a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ante o incumprimento deste ingreso non solicitaba o canon ás empresas concesionarias (seguramente que había un acordo de que non se cobraría).



Non foi ata que o Consello de Contas solicitou o xustificante de pago deste canon, e requiriuno posteriormente cun retraso de 338 días dende o momento que tería que habelo feito.

A empresa concesionaria pagou, pero fíxoo como se o ingresara en período voluntario, sen ningún tipo de recargo.

Pero isto non aconteceu só no ano 2020 senón que no 2021 volveu a acontecer o mesmo.

b) Queixas dos usuarios

Neste informe constátase que a maior parte das queixas quedan sen resposta, ou ben cunha resposta tardía e moi somera, non debendo pasar por alto que é obriga legal das administracións dar resposta nun prazo de 90 días.

c) Penalidades

Detéctase que existen procedementos de infraccións abertos, incluso cualificados como graves ou moi graves, pero sen impoñer penalidades en moitos casos. Tendo en conta que nos propios pregos, en base aos que se adxudican os contratos, prevese incluso como sanción a rescisión dos contratos para este tipo de infraccións.

d) Falla de planificación

Detéctase tamén neste informe unha falla e planificación deste plan para dar resposta ás necesidades de mobilidade.



O propio Consello de Contas recoméndalle á Xunta que reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo axustes necesarios na orientación de obxectivos.

Como se adoita dicir o que mal empeza mal acaba e cómpre recordar que o PP en canto chegou á Xunta no ano 2009 prorrogou en bloque todas as concesións de autobús e no ano 2016 o Tribunal Supremo anulounas.

Este tirón de orellas do Consello de Contas vén a sumarse a todas as sentenzas en contra que ten a Xunta neste eido. O TS vén de ratificar a sentenza do TSXG na que lle obrigaba á Comisión Galega de Competencia de abrialle expediente sancionador a Alsa e Monbus por vulnerar normas da competencia e de repartirse o mercado. Estas sentenzas danlle un tirón de orellas á Xunta xa que a Comisión Galega de Competencia ante unha denuncia presentada con claros indicios de cometerse vulneración das normas de competencia arquivou o procedemento sen nin sequera practicar probas. E foi o TSXG o que lle dixo que tiña que abrir expediente sancionador. A Xunta recorreu e o TS ratificou o que dicía o TSXG.

Por todo o antedito, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia reforzar o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos do Plan de Transporte Público de Galicia?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 11:39:20
Nº Rexistro: 62059
Data envío: 09/11/2023 11:39:20.385

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 11:30:56

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 11:31:07

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
227747

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á responsabilidade da Xunta de Galiza pola súa falta de atención, seguimento e participación da intermodal de Ourense, infraestrutura clave para a entrada da alta velocidade no conxunto do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ourense leva anos afrontando un importante debate político e social arredor da chegada da alta velocidade, ante a que a cidade é porta de entrada pola súa posición xeográfica e polos condicionantes técnicos da estación, que é ademais punto nodal para a vertebración do conxunto do territorio galego.

O 22 de xuño de 2016 asinouse un Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galiza, o concello de Ourense e a Entidade Pública Empresarial ADIF Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e a súa contorna urbana. Ao amparo da cláusula novena do dito Convenio Marco de Colaboración constituíuse a comisión de seguimento do referido Convenio. Con posterioridade, no ano 2018, constituíuse comisión específica para o seguimento das obras do aparcadoiro, correspondéndolle á propia Consellaría a súa presidencia.

A comezos de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba publicamente a demanda da convocatoria da comisión de seguimento da estación intermodal de Ourense para que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana aclarase as incertezas sobre a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terminal ferroviaria sen que houbera ningún tipo de avance. Dito convenio expirou no ano 2020 sen que a Xunta solicitase o seu mantemento.

Máis recentemente, en outubro de 2023, a través da súa representación no Congreso, o BNG volvía preguntar ao Ministerio de Transportes pola evolución da situación da intermodal, toda vez que se coñeceu a decisión dunha nova licitación aprobada polo Consello de Ministros do pasado 3 de outubro, que vai supor outro retraso na execución desta infraestrutura necesaria para a cidade. Este proxecto xa fora licitado no mes de maio, por iso sorprendeu o novo anuncio, precedido doutros anteriores e infrutuosos por parte de gobernos centrais de distinta cor desde o ano 2011.

Aínda que é evidente que a intermodal de Ourense é, xunto coa rede ferroviaria galega, síntoma do abandono dos diferentes gobernos do Estado, é tamén evidente que nesta cuestión a falta de seguimento, actuación e participación do goberno galego, desde o ámbito das súas competencias, é clamorosa. Un desleixo que se confirmou coa construción dunha parte da intermodal para integrar o servizo de buses que foi unha oportunidade perdida para o desenvolvemento dunha mellora da mobilidade da cidade e do barrio da Ponte. Un desleixo que é cada vez maior porque o goberno galego está máis ocupado de facer oposición desde a súa institución do que de facer valer os intereses dos galegos e galegas.

É preciso, polo tanto, coñecer porque o goberno galego deixou caducar o convenio de colaboración asinado no ano 2016 e cantas veces solicitou a súa reunión ou algún outro tipo de foro ao goberno do Estado.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como explica a Xunta a súa deixadez ante a situación da intermodal de Ourense ao non facer seguimento nin esixir o mantemento e continuidade do Convenio de colaboración entre as partes implicadas?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2023 12:30:18

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/11/2023 12:34:50

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2023 12:35:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Lago e Eduardo Ojea Árias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O paso da estrada AC-300 pola travesía do Sisto, na parroquia de Ribasar do Concello de Rois, representa un dos puntos máis perigosos do percorrido desta estrada, onde é frecuente ver a Dirección General de Tráfico con diversos efectivos e controis disuasorios -especialmente de velocidade- co obxecto de aumentar a seguridade viaria do lugar.

Esta estrada AC-300 funciona como o eixe de conexión máis áxil e curto entre núcleos de poboación tan importantes como Padrón (comarca do Sar) Brión e Bertamiráns (Ames), polo que o paso de vehículos de todo tipo é frecuente e continuo.

Nestas circunstancias, semella extremadamente importante mellorar a seguridade viaria no Sisto, un importante núcleo de poboación do concello de Rois, coa construción de beirarrúas, a mellora da sinalización, a instalación de pasos de peóns e outras medidas que sirvan para mellorar a seguridade viaria e anticiparse a posibles desgrazas futuras.

Por iso, interesa coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Considera o Goberno galego que se debe mellorar a seguridade da estrada autonómica AC-300 ao seu paso polo Sisto (Rois)?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 13:58:41
Nº Rexistro: 62073
Data envío: 09/11/2023 13:58:41.838

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 13:24:47

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 13:24:59

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 13:25:12

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227752

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os servizos sociais comunitarios son o motor de base para sustentar o sistema de benestar. É a primeira porta de entrada para coa cidadanía e onde as políticas sociais se transforman en medidas reais e tanxible para a parte da cidadanía máis vulnerable.

O grupo de Goberno actual que dirixe na actualidade o Concello de Ourense, anunciou unha serie de recortes nas Unidades Interdisciplinares de Intervención Social, en materia de recursos humanos e materiais que preocupan moito á cidadanía en xeral e a colectivos especializados dos servizos sociais como por exemplo o Colexio Oficial de Traballo Social.

Os servizos municipais son imprescindibles para blindar os dereitos da cidadanía máis vulnerable e achegarse cada vez máis á igualdade real. As Unidades Interdisciplinares de Intervención Social do Concello de Ourense (UNIS) contan no seu cadro de persoal con traballadores/as sociais, educadores/as sociais e persoal administrativo, que traballan tramitando solicitudes de axuda a domicilio, atención e recoñecemento da dependencia, emerxencias sociais ou prestacións económicas, así como un traballo na detección de casuísticas de maltrato ou desamparo en menores en coordinación cos ETM. Ademais de cumprir as esixencias normativas que outorgan ás traballadoras sociais de referencia para os distintos núcleos de poboación, co fin de non centralizar os servizos sociais para non afastar as oportunidades á cidadanía máis vulnerable.



En Ourense contamos hai na actualidade catro Unidades Interdisciplinares de Intervención Social: UNIS Casco Vello, UNIS Centro, UNIS A Ponte e UNIS O Couto.

O pasado 26 de setembro, o rexedor anunciaba a través dun comunicado de prensa a súa intención de agrupar toda a área social do Concello de Ourense nunha soa sede que sería o edificio municipal da praza de San Martiño. Este anuncio viña a poñer de manifesto a súa intención de pechar as UNIS, entre outras cousas, e prescindir de boa parte do persoal dos servizos sociais municipais, algo que pagaría a parte máis vulnerable da cidadanía ourensá.

Ademais hai que ter en conta a normativa existente, a cal este anuncio incumpriía o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais. 2. Os servizos sociais comunitarios garantan: b) A proximidade ás persoas usuarias e ás súas familias.

CAPÍTULO II. Dos dereitos e deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios. Artigo 4. Dereitos das persoas usuarias. No marco do establecido no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán dereito: a) A ser tratadas co respecto debido a súa dignidade, intimidade e autonomía. b) A acceder e utilizar os servizos en condicións de igualdade e non discriminación. g) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO III. Dos servizos sociais comunitarios básicos Sección 1.a. Disposicións xerais. Artigo 7. Requisitos xerais dos centros de servizos sociais comunitarios básicos. 1. Sen prexuízo da súa adaptación funcional e



arquitectónica ás características e planificación territorial de cada Concello, os centros de servizos sociais comunitarios básicos reunirán os seguintes requisitos xerais: a) Contarán cun espazo separado que permita a privacidade nas entrevistas e reunións necesarias para a intervención social individualizada. b) Contarán cun espazo de reunións proporcionado ás características e dimensións da poboación atendida. c) Asegurarán a posibilidade de atención de persoas con mobilidade reducida.

Por outra banda, en agosto de 2021, Gonzalo Pérez Jácome anunciaba un programa integral de avance social post COVID-19 para a contratación de traballadores/as sociais, educadores/as de familia e psicoloxía, entre outras especialidades. O obxecto era a incorporación como funcionarias interinas por un período de 3 anos a 12 traballadoras sociais, 4 educadores/as de familia e unha técnico/a da administración xeral, e 5 auxiliares administrativos. A intención do programa, segundo o propio Alcalde afirmou, era a de “potenciar a rede de servizos sociais como elemento básico para garantir o exercicio do conxunto dos dereitos sociais por parte da cidadanía”. O certo é que na actualidade o Concello de Ourense conta cun total de 26 traballadoras sociais distribuídos non só nas UNIS senón noutras dependencias da propia concellería. Sen embargo o propio Alcalde anunciou recentemente a súa intención, antes de que remate o 2023, de poñer fin a ese programa integral de avance social post COVID-19 mediante o cal están a traballar agora mesmo 13 profesionais (a metade dos existentes no Concello), ademais de persoal doutras especialidades.

O pasado día 3 de marzo, o Pleno de Ourense aprobou con votos do PSOE, BNG e PP esixirlle ao goberno municipal frear a intención dos recortes na área social do concello.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

É coñecedora a Consellería de Política Social da situación da área de benestar do concello de Ourense en canto ao anuncio de recortes das UNIS?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 16:30:54

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2023 16:31:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a tomar para garantir o futuro do sector da automoción na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción está sufrindo profundos cambios no modelo de produción como consecuencia da transición do coche de combustión ao coche eléctrico, unha transformación da que Galiza está quedando atrás.

Mentres outros países axilizan as súas políticas para avanzar cara ao novo modelo de produción na automoción, estamos a ver como o Goberno Galego permanece impasible ante o incerto futuro da industria do automóbil galego, nomeadamente na área de Vigo.

Outras comunidades autónomas aseguran fondos e inversión para este sector a través do PERTE da automoción con políticas activas e medidas, con proxectos e inversións que aseguran a implantación de novas fábricas ou novos actores no sector.

Na Galiza a Xunta non impulsa absolutamente ningunha iniciativa de cara a apuntalar un sector estratéxico para o noso país, tanto do punto de vista económico, como de emprego, permanecendo paralizado mentres outros territorios avanzan no novo modelo de produción do automóbil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente o Goberno do Estado asignoulle a Stellantis 63,8 millóns de euros na segunda convocatoria do PERTE do automóbil para proxectos de ensamblaxe de baterías nas factorías de Vigo, Madrid e Zaragoza e para a construción dunha gigafactoría de baterías que a empresa decidiu instalar en Zaragoza.

O futuro do sector da automoción en Galiza pasa, entre outras medidas, pola instalación dunha fábrica de baterías preto da planta de fabricación de coches, polo que resulta inexplicable que o Goberno Galego permaneza impasible ante a aposta de Stellantis pola planta de Zaragoza; mentres Euskadi, Aragón, Valencia ou Extremadura apuntalan o sector no seu territorio con proxectos de futuro.

Vigo xa perdeu 6.100 empregos industriais desde o ano 2009 o que evidencia a necesidade urxente dunha aposta decidida polo tecido produtivo na maior cidade de Galiza, do que o sector da automoción é unha das pancas fundamentais.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións pensa adoptar o Goberno Galego para garantir a instalación dunha fábrica de baterías na área de Vigo?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 09/11/2023 16:41:12

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2023 16:43:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/11/2023 16:45:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A falta de profesorado de apoio para nenos e nenas con necesidades educativas especiais estase agudizando neste curso na Coruña. En moitos colexios faltan orientadores ou son compartidos con outros centros, segundo as asociacións de pais e nais de alumnos. Concretamente, na cidade da Coruña están nesta situación os CEIP Raquel Camacho, María Barbeito, Ramón de la Sagra e Salgado Torres.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

É consciente o Goberno de Galicia da seria mingua na atención e calidade educativa que supón para o alumnado con necesidades especiais da Coruña a escaseza de profesionais que o atendan?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 09/11/2023 16:59:56





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 17:08:35
Nº Rexistro: 62089
Data envío: 09/11/2023 17:08:35.088

Noelia Otero Lago na data 09/11/2023 17:00:12

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 17:00:21

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227761

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación da atención primaria. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos humanos froito das políticas de recortes do Goberno galego dos últimos anos, que levaron a que Galicia afronte un problema de persoal grave no sistema sanitario público.

A atención primaria está totalmente desbordada na nosa comunidade autónoma, cuns profesionais esgotados; con cada vez máis cadros de depresión e ansiedade entre os médicos e médicas e cun total desánimo.

Resulta necesario dotar aos centros sanitarios do persoal suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación. O Sergas ten que facer efectiva a substitución das baixas, das vacacións e das xubilacións dos facultativos para ter unha atención aos pacientes de calidade.

Neste contexto a veciñanza de Gondomar ten que esperar dez días por unha consulta no seu centro de saúde pola falta de médicos. Levan catro meses con cinco facultativos, dous menos do estipulado. Isto conleva a sobrecarga dos cinco médicos que están pasando consulta, xerando unha situación insostible, segundo denuncia o propio cadro de persoal do centro e alerta do “risco para a saúde dos habitantes de Gondomar e para a saúde dos seus profesionais”



Esta situación de escaso persoal xa ven dende o mes de xaneiro. Pouco despois de comezar o ano un dos facultativos causou baixa laboral prolongada ata que se xubilou en setembro. O Sergas comprometérase a cubrir esta praza no mes de outubro, nos últimos días dese mes confirmouse que non se incorporará ningún profesional e esas prazas, polo que seguirán vacantes.

A maiores, se suma unha baixa por maternidade dende o 30 de xuño que tampouco foi substituída e que se estenderá ata febreiro ou marzo do ano 2024.

Esta situación provoca que parte da poboación non estea debidamente atendida. Ao non ter unha persoa substituta os e as pacientes as atenden un profesional diferente cada vez que van ao centro de saúde cos prexuízos que iso conleva. Así estase deteriorando a calidade asistencial e a fatiga acumulada do persoal facultativo ao longo de tantos meses.

En circunstancias normais cada médico de familia en Gondomar atende entre 42 e 50 pacientes ao día. O persoal médico deste centro de saúde denuncia que o Sergas o que fai é o que chaman prolongación de xornada con axendas de 26 pacientes máis, nas que non se contemplan nin urxencias, nin atencións a domicilio. Esta solución é insuficiente para as necesidades de tanto meses. Sería a solución cando as ausencias son curtas, con días libres ou vacacións, pero non neste caso.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai cubrir o Sergas as prazas vacantes de médicos de familia do centro de saúde de Gondomar?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 17:49:10
Nº Rexistro: 62100
Data envío: 09/11/2023 17:49:10.782

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/11/2023 17:43:42

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2023 17:43:50

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 17:43:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227764

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A aldea de Codesido, na parroquia de Ribasar do concello de Rois, sofre continuamente problemas de asolagamentos e inundacións cada vez que se produce unha enchente do río Sar. Para solucionar este trastorno recorrente para os veciños e veciñas deste lugar, propónse dende hai décadas unha nova ponte que evitaría que esa aldea, próxima ao Faramello, quedase illada días enteiros.

O DOG nº 235, do 13 de decembro de 2022, publicaba unha resolución para o cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80 % do gasto elixible, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dos contratos de redacción dos proxectos construtivos de melloras estruturais para a redución do risco de inundación da área fluvial río Ulla e río Sar, dividido en 5 lotes (un no concello de Valga e 4 no de Padrón), cun valor estimado do contrato de 252.148,37 €.

Eses proxectos, programados e financiados nos orzamentos da Xunta para o exercicio 2023 non se executaron e volven agora a aparecer no proxecto de contas para 2024, pero nos mesmos termos, sen ser ampliados ao concello veciño tendo en conta os problemas similares que presenta.

Tal e como advirte o seu Grupo Municipal Socialista, o concello de Rois merece un trato igualitario para o lugar de Codesido, tamén da conca do Sar, que sofre



dende hai décadas os mesmos problemas que os concellos próximos sen que a Administración autonómica teña achegada unha solución.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Coñece o Goberno galego os problemas que se dan no lugar de Codesido (Rois) cando se produce a crecida do río Sar?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 13:30:26

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 13:30:41

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 13:30:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Tribunal Constitucional acaba de avalar o denominado imposto ás grandes fortunas, rexeitando o recurso impulsado pola presidenta da Comunidade de Madrid e que tamén fora recorrido pola Comunidade Autónoma de Galicia, Andalucía e Murcia, por iso é necesario coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta sentenza do Tribunal Constitucional?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data **09/11/2023 13:55:56**

Gonzalo Caballero Míguez na data **09/11/2023 13:56:11**





Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Fernando Pérez Domínguez e Borja Vereza Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola necesidade de poñer a disposición dos afectados todas as ferramentas precisas para acadar a restitución dos seus dereitos e evitar que situacións como a acontecida se repitan.

O pasado sábado 4 de novembro de 2023 a compañía Air Nostrum denegou o embarque a preto de 80 pasaxeiros para dar cobertura aos integrantes dun equipo de fútbol, incumprindo as obrigas establecidas no Regulamento (CE) nº 261/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, polo que se establecen normas comúns sobre compensación e asistencia aos pasaxeiros aéreos no caso de denegación de embarque e de cancelación ou gran atraso dos voos.

Estas obrigas serían:

1. Dar prioridade a persoas con mobilidade reducida e aos seus acompañantes ou cans de acompañamento certificados, así como dos menores non acompañados.
2. Solicitar persoas voluntarias a renunciar ás súas reservas.
3. Informar, mediante formularios ou documentos adaptados a persoas con discapacidade da situación, dos dereitos dos pasaxeiros á asistencia e a unha compensación, así como das formas para presentar unha reclamación.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



O mesmo Regulamento (CE) nº 261/2004 recoñece o dereito a unha compensación económica por importe de 250€, 400€ ou 600€ dependendo das distancias do voo afectado, así como o dereito a asistencia (comida e refrescos) e o dereito ao reembolso do billete ou transporte alternativo (incluíndo necesidades de aloxamento e transporte en tanto non se faga efectivo).

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que accións vai a realizar a Xunta de Galicia en defensa das persoas afectadas pola decisión da compañía aérea Air Nostrum o pasado sábado no aeroporto de Peinador?

Santiago de Compostela, 7 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Rodríguez Pérez, Moisés na data 07/11/2023 19:58:42

Cristina Sanz Arias na data 07/11/2023 19:58:58

José Antonio Armada Pérez na data 07/11/2023 19:59:07

Moisés Blanco Paradelo na data 07/11/2023 19:59:24

Susana López Abella na data 07/11/2023 19:59:36

Fernando Pérez Domínguez na data 07/11/2023 19:59:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Borja Vereza Fraiz na data 07/11/2023 19:59:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Carmen Pomar Tojo, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer máis polo miúdo a situación, alcance e contido dun proxecto estratéxico para a mellora da accesibilidade ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS)

Nos últimos anos, a mobilidade no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) volveuse máis problemática do desexable para os pacientes, familiares, acompañantes e traballadores que, a diario, acoden a estas instalacións.

Esta problemática non pode achacarse a unha soa causa, senón que son varios os factores que derivaron na actual situación. Se falamos de urbanismo, non podemos esquecer que os desenvolvementos urbanísticos promovidos polo Concello ao longo dos anos arredor do ámbito hospitalario priorizaron, claramente, a construción de vivendas sen unha previsión para a asignación de usos complementarios vinculados a unha área hospitalaria desta envergadura. Doutra banda, se falamos de ordenación do tráfico, a política do Concello foi non actuar nas vías do recinto hospitalario deixando ao libre albedrío a circulación e o aparcamento en beirarrúas e outros espazos como as zonas verdes, é dicir, como se foran vías nas que nos existira ningunha restrición no seu uso. Finalmente, en relación ao espazo actual dispoñible para o aparcamento, este non cubre a demanda que xeran as persoas que asisten ao CHUS.

Neste contexto faise necesario centrar os esforzos en acadar unha maior integración urbana do CHUS na cidade co obxectivo de mellorar a mobilidade, facilitar o acceso dos cidadáns á sanidade pública e habilitar un novo espazo de aparcamento que cubra amplamente o déficit de prazas existente.



En relación a mobilidade o Concello ten que facerse cargo da mesma no ámbito do CHUS como o fixeron outros, xa sexa por vontade propia ou por sentenza xudicial. A ordenación da circulación e no uso dos espazos é fundamental para un correcto funcionamento da mobilidade dentro do Complexo Hospitalario. Igualmente é necesario optimizar o acceso en transporte urbano ao ámbito hospitalario, unha vez acreditada o baixo nivel de cobertura do servizo á poboación de Santiago.

Non obstante, independentemente destas posibles actuacións a curto prazo, faise necesaria unha de carácter máis definitiva no que se refire á ordenación e humanización do ámbito, así como á dotación dun novo espazo de aparcamento.

Neste asunto o Concello e a Xunta teñen que establecer a necesaria colaboración para, por unha banda, controlar e ordenar o tráfico e, por outra, acadar unha solución de aparcamento. Dado o estado actual das beirarrúas, sinalización e uso doutros espazos, o proxecto que se leve a cabo debería incluír a recuperación da calidade ambiental, coa mellora da urbanización no relativo a beirarrúas, sinalización e tamén accesibilidade para conseguir unha contorna máis humanizada e respectuosa coas persoas que utilizan e transitan por estas instalacións. Trataríase tamén de optimizar as prazas de aparcamento existentes (distribución de espazos para persoas con dificultades de mobilidade, prazas exprés..) Neste senso, unha acción coordinada faría posible a mellora ambiental da zona e unha regulación e control do tráfico que impedira o libre albedrío no aparcamento que, sobre todo, durante as mañás impera en toda a contorna.

O resultado das conversas iniciadas entre a Xunta e o Concello para abordar este asunto, ten que ser un proxecto que solvente o problema cunha solución de carácter integral, como expoñíamos anteriormente e, sobre todo, cun resultado satisfactorio para todas as persoas que por diversos motivos (médicos, familiares ou laborais) asisten en gran número ao CHUS e que, a fin de contas, son quen sofren os problemas do recinto e da contorna deste importante complexo hospitalario.

É polo que, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- En que situación se atopa o acordo entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para mellora integral da accesibilidade ao CHUS e dotalo dun novo espazo que solucione o actual problema de aparcamento?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 62111
Data envío: 09/11/2023 19:09:01.985

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 09/11/2023 18:55:47

Carmen María Pomar Tojo na data 09/11/2023 18:57:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 09/11/2023 19:03:59

José Alberto Pazos Couñago na data 09/11/2023 19:04:41

María Corina Porro Martínez na data 09/11/2023 19:05:24

Raquel Arias Rodríguez na data 09/11/2023 19:06:12

Noelia Pérez López na data 09/11/2023 19:06:44

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 09/11/2023 19:07:05

López Sánchez, Rosalía na data 09/11/2023 19:07:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Gonzalo Caballero Miguez e Carmen Rodríguez Dacosta, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral urxente en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén dada ante a inminente celebración do Pleno de aprobación da Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2024.

O Goberno galego quere modificar a lei que regula a composición do Consello Agrario de Galicia pola porta de atrás, na Lei de medidas administrativas e fiscais dos orzamentos de 2024, co único obxectivo de beneficiar aos herdeiros da desaparecida organización ASAJA, unha organización que estaba liderada por Pérez Miramontes, recentemente condenado por fraude á Seguridade Social e pendente doutras causas xudiciais graves por posible trata de brancas.

O Consello Agrario está regulado pola Lei 1/2006 do 5 de xuño que establece unha composición da que formaban parte 12 vogais en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galicia, unha representación que foi froito dun proceso electoral que debiera respectarse ata a celebración de novas eleccións. Coa modificación que pretende introducir o Goberno galego na lei de acompañamento, esta representación se reduce a 8 vogais, introducindo na modificación que incluírán catro vogais novos que serán para a asociación que acadara o maior número de representantes nas últimas eleccións aos consellos reguladores de Galicia, unha medida que nin tan sequera ten un equilibrio electoral no resultado acadado.



O Goberno galego quere modificar “a doc” a representatividade do sector agrario galego sen pasar por unhas eleccións democráticas para dito órgano, co fin de darlle representatividade aos seus “socios” da antiga ASAJA, unha organización disolta no 2016 por quebra económica e que recentemente veu como o seu líder, Juan Pérez Miramontes, foi condenado a seis meses de prisión e a devolver 655.000 euros por fraude á Seguridade Social.

O Goberno galego debe de explicar no Parlamento galego a súa vinculación con esta organización, despois do trato de favor que quere darlle con esta modificación aos herdeiros de ASAJA, unha organización cuxo líder, o condenado Pérez Miramontes, foi fotografiado en varias ocasións navegando co expresidente do goberno do PP Mariano Rajoy e que ademais desta condena, ten outra causa aberta pola que estivo 6 meses en prisión en relación cunha rede de trata de mulleres para fins de explotación sexual. A sentenza recente pola que foi condenado Pérez Miramontes di que usou entre 2012 e 2015 as empresas nas que participaba “co ánimo de defraudar” os intereses da Seguridade Social .

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno:

Cal é o motivo deste cambio da normativa por vía da lei de acompañamento na lei que establece a composición do Consello Agrario sen terse celebrado eleccións?

Santiago de Compostela, 13 de novembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2023 10:47:14
Nº Rexistro: 62153
Data envío: 13/11/2023 10:47:14.437

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/11/2023 10:44:32

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/11/2023 10:44:46

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/11/2023 10:45:01

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227776

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a mellora na prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta en Galiza.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego exprese canto antes o seu posicionamento sobre a situación do servizo de xustiza gratuíta en Galiza e as mobilizacións de numerosas profesionais adscritas ao mesmo.

Exposición de motivos

Diferentes normas e acordos internacionais, como a Declaración Universais de Dereitos Humanos ou a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea contemplan expresamente o dereito de todas as persoas á defensa do seus dereitos ante un xuíz imparcial, establecéndose expresamente que, para a súa efectividade, deberá implementarse un sistema de asistencia xurídica gratuíta para quen careza de recursos económicos suficientes.

En Galiza corresponde á Xunta de Galiza a organización e xestión da prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta, pilar esencial para garantir a todas as persoas o dereito á tutela xudicial efectiva.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende hai anos as profesionais encargadas da prestación do servizo de asistencia xurídica gratuíta veñen expresando as numerosas carencias do servizo, tanto na prestación, como nas condicións en que se presta ou as compensacións que reciben.

A ausencia de vontade por parte da Xunta de Galiza de revisar as condicións nas que se presta o servizo e das profesionais que o realiza, levou como medida inusitada á convocatoria a partir do día 21 de novembro dunha folga de carácter indefinido.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións ten previsto realizar o Goberno galego para a dignificación e mellora do servizo de xustiza gratuíta e as condicións e compensacións das profesionais que o prestan?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/11/2023 17:03:58





Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, Noelia Pérez López e Katherinie Varela Fernández, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de coñecer as expectativas coas que Galicia afronta a conformación do novo Executivo estatal, de acadar os apoios necesarios.

O Secretario Xeral do Partido Socialista e candidato á Presidencia do Goberno de España, Pedro Sánchez, ven de autorizar a sinatura de varios acordos con distintas forzas políticas co obxecto de acadar os apoios necesarios para a súa investidura.

Entre os documentos feitos públicos coñecemos os asinados coa esquerda radical (Sumamos) e tamén con diversas forzas políticas independentistas e nacionalistas (como o BNG, ERC, Junts, EH Bildu, PNV e Coalición Canaria).

O acordo cos abertzales é o único que non ten transcendido á opinión pública. En relación co resto dos pactos están ateigados de concesións que implican unha quebra do marco constitucional vixente, do actual modelo de financiación territorial e da igualdade entre os cidadáns.

Hoxe mesmo, a Presidenta do Congreso dos Deputados ven de facer público as datas nas que terá lugar a sesión de investidura, en concreto, o mércores 15 e xoves 16 de novembro de 2023.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o impacto que para Galicia terán os pactos acadados por Pedro Sánchez para lograr a súa investidura?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2023 17:54:09
Nº Rexistro: 62222
Data envío: 13/11/2023 17:54:09.592

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 13/11/2023 17:51:40

Paula Prado del Río na data 13/11/2023 17:51:56

María Sol Díaz Mouteira na data 13/11/2023 17:52:09

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/11/2023 17:52:20

Ana Belén García Vidal na data 13/11/2023 17:52:34

Pardo López, Adrián na data 13/11/2023 17:52:46

Noelia Pérez López na data 13/11/2023 17:53:01

Katherinie Varela Fernández na data 13/11/2023 17:53:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Manuel Álvarez Martínez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, que pasos ten dado o Goberno galego nesta lexislatura para avanzar en materia de igualdade?

Santiago de Compostela, 13 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/11/2023 17:42:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Sr. Rueda, que medidas ten previsto impulsar para reducir o impacto da débeda xerada polo seu goberno nas contas públicas?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/11/2023 18:13:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre a instalación dunha fábrica de baterías para vehículos eléctricos.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola gravidade do anuncio de STELLANTIS de escoller Zaragoza para situar a súa fábrica ibérica de baterías e a alarma social provocada no sector galego da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de iniciativa política por parte da Xunta de Galiza, e de visión estratéxica respecto da planificación industrial, leva provocado durante estes 14 anos de goberno do Partido Popular a destrución de 40.000 postos de traballo industriais segundo cifras do CES Galiza.

Mais a contundencia e a gravidade dos datos e da problemática social e económica que expresan non fai cambiar a liña política da Xunta en materia industrial, e como consecuencia Galiza pode ficar á marxe da promoción e instalación de novas e importantes infraestruturas e factorías industriais.

Salienta neste sentido a inacción e o silencio absoluto da Xunta de Galiza respecto da posibilidade de conseguir para o noso país a instalación dunha fábrica de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

baterías para vehículos eléctricos. E isto malia ser Galiza un dos principais fabricantes de vehículos do estado español e de termos unha economía moi dependente deste sector industrial, o que para calquera goberno do mundo significaría a obriga de elaborar unha planificación estratéxica e de dotarse das instalacións necesarias para manter a actividade e o emprego do sector.

A decisión de STELLANTIS de instalar a súa anunciada fábrica de baterías para a península Ibérica no centro de traballo que ten en Zaragoza, en detrimento do centro máis grande e produtivo que ten na península, que é o de Vigo, ten sido cualificada polo xornal *La Voz de Galicia* como “golpe de STELLANTIS ao motor galego”, mais aínda non provocou reacción ningunha por parte da Xunta de Galiza que prefire facer como se esta decisión non fose, efectivamente, unha das peores noticias que se teñen producido desde hai moito tempo para o sector da automoción con todas as implicacións económicas e sociais que iso implica para Galiza no seu conxunto.

Desde o BNG vimos defendendo que a Xunta debe tomar a iniciativa neste sector, a comezar pola constitución dunha mesa sectorial específica, unha Mesa Galega da Automoción, coa participación de todos os factores implicados, que puidera servir de foro no que debater e elaborar unha diagnose de situación e necesidades, fixar obxectivos e recomendar liñas de traballo.

Hoxe máis do que nunca, ante a evidencia da falta de planificación e proxecto por parte do goberno galego do Partido Popular, e das graves consecuencias que esta política provoca no noso país, a constitución deste foro sectorial parece necesaria e urxente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

. Como estima a Xunta de Galiza que a transición enerxética na mobilidade vai afectar ao sector da automoción galego?

. Que cambios haberá no tecido produtivo? Cal será o seu impacto en termos de emprego?

. Como valora a Xunta de Galiza o anuncio de STELLANTIS de situar a súa fábrica ibérica de baterías en Zaragoza? Por que a Xunta de Galiza renuncia a instalar no noso país unha fábrica de baterías?

. Por que a Xunta de Galiza renuncia a constituír unha Mesa galega da automoción que elabore e impulse un plan estratéxico para o sector?

. Cal é o plan da Xunta de Galiza para manter a actividade e o emprego do sector da automoción na Galiza? Quen elaborou ese plan? Que actuacións realiza para materializar ese plan?

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 10/11/2023 11:32:46

Daniel Pérez López na data 10/11/2023 11:35:02

Carmela González Iglesias na data 10/11/2023 11:35:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prolongación da crise de prezos, que Galiza vive con máis intensidade que o conxunto do Estado español, está a supoñer o empobrecemento de amplas capas da sociedade que ven como a súa capacidade adquisitiva minora por terceiro ano consecutivo e como é cada vez máis difícil chegar a fin de mes. Esta situación, e a súa prolongación no tempo, afectan con máis intensidade aos sectores máis vulnerábeis. Así as cousas, a feminización da pobreza é un elemento diagnosticado e analizado por múltiples estudos.

Recentemente, a propia Rede Galega contra a pobreza afirmaba no seu Informe que a fenda de xénero crece: entre os homes baixa 1,8 puntos mentres que entre as mulleres faino en 1,3 puntos, o que acrecenta a distancia ata os 2,8 puntos e permanece a situación de feminización da pobreza. Así mesmo, advírtese que esta feminización da pobreza é seguramente superior, posto que a Enquisa de Condicións de Vida do INE ten limitacións na análise por sexo ao asignar a mesma situación de pobreza e vulnerabilidade a todos os membros de cada fogar. Posto que a gran maioría dos fogares están compostos por familias nucleares, as diferenzas medidas por sexo só se producen a causa da diferente situación dos fogares compostos maioritariamente por mulleres, tales como os monoparentais ou os das persoas maiores soas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez máis, a falta de perspectiva de xénero prexudica ás mulleres, e tal e como se advirte, o feito de que as diferenzas reais non queden reflectidas nestes datos é consecuencia dun deseño metodolóxico con obxectivos específicos e non significa que non exista, tal e como demostra, por exemplo, a análise das diferenzas de xénero na EPA.

Se a inflación afecta con intensidade ás mulleres, máis aíndas a aquelas en situación de violencia machista, xa que tal e como se ten analizado, a violencia económica é unha cara máis da poliédrica violencia machista.

É polo tanto necesario que se reforcen os recursos existentes e destinados ao ámbito económico.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para reducir o impacto da violencia económica sobre as mulleres vítimas de violencia machista?

Valora incrementar a contía das axudas existentes para adaptalas ao contexto económico? Cales son as razóns?

Que estudos propios valora desenvolver o goberno galego para avaliar o impacto da situación económica nas vítimas de violencia machista?

E para avaliar o seu impacto á hora de decidir emprender accións conducentes a saír da súa situación?

Valora impulsar algún tipo de estudo cualitativo ao respecto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está a valorar esta cuestión cos diferentes axentes e organismos que participan da cadea de atendimento da violencia machista?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/11/2023 10:00:17

Olalla Rodil Fernández na data 03/11/2023 10:00:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Diego Lourenzo Moura e Carmen Aira Díaz, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

Para a súa constitución tomáronse como referencia as primeiras eleccións democráticas no agro galego que se celebraran ás hoxe desaparecidas Cámaras Agrarias o 26 de maio de 2002 que determinaran como as máis representativas, das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galicia, a Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UAAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

O artigo 1º da citada lei 1/2006 lei define o Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e máis en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vinte e catro membros, dos que doce correspóndenlle *ás organizacións agrarias máis representativas de Galicia.*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, xa hai un tempo, coma tal organización, en concreto Xóvenes Agricultores.

O Partido Popular leva tempo furtando a renovación e actualización do actual Consello Agrario así coma o cumprimento do artigo 5º da xa citada lei que determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

E para colmo destas irregularidades, vaise, e modifica a lei 1/2006 no seu artigo 4 dando unha nova composición e representatividade, sen celebración de ningunha consulta, mediante a Lei de Acompañamento dos Orzamentos presentados para o ano 2024.

Modifícase o artigo 4 da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego, que pasa a ter a seguinte redacción:

--Un. Modifícanse as letras d) e e) do número 1 do artigo 4, que quedan redactadas como segue:

d) Cinco vogais en representación das consellerías competentes en materia de política social, medio ambiente, política territorial, industria e sanidade.

e) Oito vogais en representación das organizacións agrarias máis representativas de Galicia

--Dous. Engádese unha letra

f) ao número 1 do artigo 4, coa seguinte redacción:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

f) Catro vogais en representación da asociación con maior representatividade no conxunto do sector primario galego. Para estes efectos considerárase como tal a asociación que acadara o maior número de representantes nas últimas eleccións aos consellos reguladores de Galicia.»

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- . Cal é a razón desta modificación?
- . É este o xeito que considera a Consellería de dar representatividade real ao sector agrogandeiro do País?
- . Está a reunirse o CAG dacordo co establecido no artigo 5º da lei do Consello Agrario Galego?
- . Que criterios está a seguir a Consellaría do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/11/2023 10:17:10

Diego Lourenzo Moura na data 03/11/2023 10:20:22

María del Carmen Aira Díaz na data 03/11/2023 10:21:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 6ª**.

O Concello do Pino conseguía no ano 2022 unha subvención da Axencia Galega de Turismo para a obra 'Senda Peonil de acceso de peregrinos ao Albergue do Pedrouzo', por un importe de 59.889,08 €. A data de finalización do proxecto quedaba marcada para o 10 de decembro de 2022.

Tendo constancia de que a obra non fora acometida, en marzo do ano 2023 o voceiro socialista no Concello do Pino pide acceso á documentación xustificativa remitida polo propio concello e referida á 1ª certificación da obra. En abril pode ver *in situ* na Axencia de Turismo de Galicia a certificación transcrita, unha copia da factura emitida pola empresa encargada e o xustificante bancario do pagamento, sen que lle permitan levar unha copia desa documentación.

Diante desa falla de transparencia, vólvese emitir un escrito solicitando a documentación e poñendo en coñecemento que a obra non estaba executada a pesar de que no mes de maio se retomaran os traballos con tan só 300 metros de senda.

A pesar de que o proxecto debería estar finalizado hai case un ano en base ao convenio subscrito, esa obra continúa sen realizarse e sen que se coñeza se a Axencia Galega de Turismo puxo en marcha algunha acción, entre outras a solicitude de reintegro da subvención.



Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Abriu a Axencia Galega de Turismo algunha investigación sobre o incumprimento do convenio por parte do Concello d Pino para a realización da senda peonil de acceso de peregrinos ao Albergue do Pedrouzo?
2. Solicitóuselle ao Concello do Pino o reintegro da subvención?

Parlamento de Galicia, 2 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 31/10/2023 18:12:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 31/10/2023 18:12:51

Martín Seco García na data 31/10/2023 18:13:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a Formación Profesional Agroforestal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Formación Profesional é fundamental para a formación da xuventude galega fóra dun marco academicista e titulista que favoreza a integración da xuventude no mercado laboral, isto a estas alturas non é xa discutido por ninguén.

A oferta galega na FP Agroforestal é ampla en canto aos títulos que se imparten, quizá con necesidade de adaptarse ás necesidades actuais de coñecementos do alumnado e está distribuída por un sin número de centros dependentes uns da consellería de educación, outros da de medio rural e por último algún da consellería de Emprego e Igualdade, o cal sen dúbida lle outorga a esta Formación Profesional unhas características particulares que provocan diversos tratamentos en canto a condicións organizativas e de formación do seu profesorado dependendo da consellería da que dependa, non habendo segregación de titulacións por causa da súa dependencia.

O número de prazas ofertadas é suficiente dado que non se cobren todas e aquí haberá que ver a causa que motiva a ausencia de ocupación plena de determinadas titulacións, e se é por causa de que centros próximos se fagan competencia impartindo as mesmas titulacións, por un déficit de planificación, ou por outras causas, pero a cuestión ben merece unha reflexión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro deste conxunto complexo en si mesmo estase dando unha transición cara a FP Dual, moi de moda dado que os principios teóricos que a rexen achegan á xuventude ao mercado laboral pero que na práctica se manifesta con problemáticas derivadas das dificultades de formarse en prácticas en pequenas empresas con poucas posibilidades formativas por causa precisamente do seu tamaño.

Isto tamén se pode trasladar a outra FP impartida nos centros de contornas rurais e a oferta que fan para facilitar o desenvolvemento deste medio e potencial fixación de poboación derivada do establecemento de negocios relacionados coas necesidades da poboación que aínda queda nestas zonas.

E para que nada quede fóra desta iniciativa por último queda mencionar a formación continuada, que corre en moitas ocasións a cargo da consellería de emprego, e que se pode considerar ou de feito é unha formación non reglada, que sendo precisa non é obrigatoria nin da ningún beneficio as súas e seus usuarios máis alá dos coñecementos que poidan adquirir e aos que lle saquen rendemento ao poñelos en práctica. Pero isto merece tratamento aparte.

De todo isto podemos concluír que é imprescindible poñer orde na Formación Profesional Agroforestal, e na de outras familias formativas que poidan beneficiar o desenvolvemento rural, a fixación de poboación e a creación de riqueza que provoque melloras socioeconómicas no rural.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai o goberno galego tomar man da formación profesional agroforestal en cada unha das súas modalidades para que realmente cumpra cos obxectivos marcados que non son outros que preparar á nosa xuventude para o traballo no medio rural?

A oferta formativa na Formación Profesional ofertada polas diversas consellerías cubre realmente as necesidades das potenciais usuarias á vez que se cobren as necesidades do noso agro?

Consideran vostedes que a formación profesional agroforestal debe depender dunha soa consellería e que sexa a través do sistema AKIS que se implemente a transferencia de coñecemento dende o sistema investigador ás escolas de Formación profesional?

Como valoran a coexistencia de profesorado dependente de varias consellerías que acceden ao posto docente cumprindo requisitos diversos e con condicións de acceso á súa actualización docente tamén diferentes?

A descentralización na escolla de materias e títulos a impartir está a provocar un incremento da competencia entre os centros próximos para captar usuarias/os da formación?

Cumpre a Formación Profesional Dual coas expectativas teóricas que crea e pódense levar a cabo na práctica con éxito?

Consideran que as empresas que se incorporan para as prácticas nesta Formación teñen a información, o coñecemento e a capacidade (económica e técnica) suficiente para cumprir coas condicións formativas exixidas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valoran replanificar a oferta formativa de FP en relación coa diversificación económica do medio rural de modo que se mellore o tecido socioeconómico e a fixación de poboación nese medio?

Cumpre a oferta de Formación Continuada tanto en distribución xeográfica dos títulos como o número e cantidade deles?

A oferta Formativa Privada en FP ten o seu reflexo equivalente na FP pública ou hai títulos que soamente se poden estudar na privada?

Teñen avaliado a repercusión que ten para a xuventude formarse na FP en canto ao desenvolvemento laboral posterior nas actividades nas que se formaron?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/11/2023 10:36:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/11/2023 10:36:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**, sobre a apertura de vías de comercialización de carne ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As dificultades de comercialización dos produtos primarios no noso país é evidente e amosouse nestes últimos anos máxime despois da COVID. As estratexias que prantexou o goberno da Xunta para combater a situación de estrangulación do sector nesta época foron claramente insuficientes e as vendas a perdas seguiron a producirse por non ter unha lei de calidade alimentar nin estatal nin autonómica que resultara eficiente para evitalas.

Os prezos da carne en xeral son obxectivamente elevados no supermercado e obxectivamente insuficientes e descompensados para os e as produtoras, e por suposto están marcados pola distribución non segundo cálculos oficiais destes custes de produción. Contan con outras dificultades relativas ás políticas de condicións de peso e pagos dos matadoiros que dependendo das circunstancias computan de xeito diverso as partes do animal, polas que pagan xunto coas canais, segundo sexa catalogada como canal europea ou non.

Para as producións ecolóxicas de carne as dificultades increméntanse, recoñecéndolle as dificultades da gandería en xeral ás que debemos sumar as dificultades propias de producir en ecolóxico, os piensos ecolóxicos teñen un custe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

superior por Kg e os animais deben cumprir cunha serie de requisitos de pastoreo. A máis de todo isto leva apareladas unha serie de prácticas de cultivos e coidado dos pastos que precisan máis inversións.

Por riba do anterior as vías de comercialización propias do ecolóxico case non existen, sendo polo tanto máis rendible para as produtoras e produtores a venda en convencional ao non poder vender toda a produción en ecolóxico.

Neste tempo estamos vendo que as producións ecolóxicas despiden o anterior período da PAC pasando por serias dificultades precisamente porque, despois de promover este tipo de producións, a Xunta de Galiza e o seu goberno non tivo en conta o incremento de hectáreas nas solicitudes de incorporación o que motivou que quedaran fóra destas axudas moitas das novas hectáreas de incorporación e probablemente algunhas que viñan percibindo axudas polo simple feito de non ter orzamento suficiente.

A isto hai que engadirlle a entrada do novo período da PAC onde cambia o marco para todo o mundo, tamén para a produción cárnica ecolóxico, entre outras cuestións o FOGGA vai exixir que unha parte da produción se comercialice como tal, cando é constatábel que non hai canles de comercialización.

Non hai un traballo feito no noso país a prol destas producións de carne polo que existe un risco severo de que esta exixencia sexa unha traba máis para a venda de parte desta carne por riba dos custes de produción, o cal ben pode repercutir negativamente unha vez máis na economía destas granxas.

Tampouco se ten feito o traballo de concienciar á poboación sobre como diferenciar as producións que se atopan baixo distintos selos de calidade, nin tampouco se ten feito traballo coas diversas superficies comerciais, xenéricas, especializadas, grandes ou pequenas para que lle destinen un lugar ás producións ecolóxicas de carnes, para que se estenda esta oferta e se cree demanda por todo o país, máis alá do que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poida mercar en determinadas superficies das cidades máis grandes do país e que isto se faga a prezos razoables para que todo tipo de persoas consumidoras poidan acceder a estes produtos de calidade.

A única maneira de que a nosa superficie agraria sume hectáreas para a produción ecolóxica é posibilitar que sexa rendible para que as e os produtores poidan manter un nivel de renda adecuado e para isto a administración ten que ter unha actitude moito máis proactiva en torno á produción pero tamén á comercialización desta carne por riba dos custes de produción sen que isto se volva inasumíbel para as consumidoras.

É cuestión de darlle un enfoque ás axudas da PAC para poidan provocar un cambio real no sistema produtivo primario do noso país, no canto de establecer medidas que nos fagan salvar as inspeccións que europeas pero que non produzan un cambio real nos nosos sistemas produtivos e isto non se consegue sen que haxa circuítos de venta para as producións a uns prezos que compensen a súa produción, non sendo en ningún caso suficiente establecer un sistema de cómputo que non se recolle en ningunha normativa e que polo tanto non é oficial e non obriga en ningún caso ás empresas que compren e aos seus intermediarios a respectalos.

A nova PAC precisa dunha seria atención por parte das gandeiras e gandeiros, engadir a exixencia de venta de parte da produción en ecolóxico o que fai é incrementar máis as penurias que está a sufrir o sector.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai o Goberno da Xunta tomar medidas para que a produción cárnica galega en ecolóxico teña vías adecuadas de comercialización e poida acadar un prezo acorde que satisfaga os custes de produción e deixe ganancia económica suficiente para a granxa produtora?

-Como pensan vostedes resolver a falta de apertura de mercados e mercados de proximidade para a carne ecolóxica galega?

-Van vostedes establecer os mecanismos axeitados para que o feito de producir carne ecolóxica acreditada supoña un beneficio claro para as granxas produtoras que aposten por este modelo de produción e certificación?

-Teñen avaliado o número de granxas que estiveron acreditadas no CRAEGA no pasado inmediato e que xa non o están no presente e que pode motivar este feito?

-Consideran que o selo do CRAEGA lle aporta valor a esta carne, lle facilita a venda diferenciada nas superficies comerciais e nos mercados de proximidade?

-Cales son os factores que inflúen en que a maioría dos e das produtores teñan que vender en convencional, téñenos detectados?

-Que consideran que teñen que modificar para que o orzamento que acompaña á PEPAC realmente modifique estruturalmente o sistema produtivo dende o inicio ata o remate no mercado de modo que se camiñe cara o afianzamento da produción e do consumo?

-Son conscientes que a industria está a apostar agora e no futuro por unha equiparación nas calidades e nos prezos da produción convencional coa ecolóxica? Como farán para garantir a súa diferenciación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/11/2023 10:38:58

María del Carmen Aira Díaz na data 03/11/2023 10:39:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**, sobre o funcionamento deficiente dos aplicativos Melles e Xalea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os aplicativos implementados pola consellería de Medio Rural nestes últimos anos seguramente foron o resultado da complexidade burocrática ou ben viñeron a multiplicar as dificultades de relación dos e das administrados coa administración.

O aplicativo Melles que se utiliza para a solicitude das axudas da PAC para incorporacións e plans de mellora leva dando problemas continuados, funcionando mal desde que se implantou e os profesionais das entidades de tramitación, xunto coas persoas solicitantes levan sufrindo dende que comezou este período de solicitudes deste novo período por tódalas dificultades que presenta á hora de subir a documentación requirida, e a inseguridade que todo isto xera, sen ter en conta a perda de horas de traballo produtivo.

O aplicativo Xalea utilizado para as solicitudes de proxectos desenvolvemento rural diante dos GDR sigue na liña do anterior, dando un pésimo resultado, cargando aleatoriamente os documentos presentados e facendo imposible subsanar segundo o requirimento durante un período de mes e medio. Aquí esta ineficiencia tradúcese no mesmo que o anterior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ambos facilmente poden conseguir o desestímulo por parte das persoas solicitantes de solicitar axudas para os seus proxectos, o cal dende logo redunda negativamente na vitalidade do desenvolvemento rural e do seu tecido socioeconómico.

Entendemos que as empresas externas contratadas para a construción dos aplicativos ou ben non tiveron o tempo preciso ou ben non contactaron suficientemente coas persoas que están actuando de tramitadoras para facelo de modo que puideran satisfacer as necesidades de modo acorde coa realidade porque non se poderá concluír que igual lles faltan medios.

Tamén estaría ben saber e avaliar a calidade dos concursos públicos e os baremos que se usan para a escolla dunha empresa en detrimento de outras que a xulgar polo resultado igual non foi a óptima para destinalle o diñeiro público sen outra existencia.

En todo caso, isto debe servir para mirar atrás e tentar mellorar estes e os futuros aplicativos ou incluso apostar por facer unha reversión destes traballos para o sistema público.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Consideran vostedes que os resultados e complicacións causadas polo aplicativo Melles e o Xalea se axustan ao contratado coa correspondente empresa e manteñen unha boa relación prezo-calidade?

Teñen coñecemento das incidencias rexistradas polas persoas usuarias e as entidades de tramitación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Canto tempo tardaron en resolvelas?

Axústase este tempo aos adecuados estándares de calidade?

Contactaron coas entidades usuarias do programa Melles e Xalea para comprobar as perdas laborais causadas polo seu mal funcionamento?

Falaron coas entidades tramitadoras para saber se algún proxecto desistiu de solicitar polas dificultades causadas polos aplicativos?

Van penalizar á empresa informática polas dificultades causadas?

Que custe supuxo para a consellería cada un dos aplicativos?

Vai este mal funcionamento demorar a resolución das solicitudes presentadas?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/11/2023 10:41:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/11/2023 10:41:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para reposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O lonxevo e tradicional sistema investigador agrario que desgraciadamente se foi deixando esmorecer pola falta de recursos humanos suficientes, pero aínda así centros como o CIAM de Mabegondo ou o centro de Lourizán, por nomear dous, están a facer un traballo meritorio que non está chegando aos produtores/as primarios dun xeito apropiado pola falla dunha estrutura para a transferencia de coñecemento.

Debido á situación actual, por unha banda a escaseza de alimentos e forraxes para animais, derivados do cambio climático e outras circunstancias, con períodos de seca cada vez máis acusados e por outra banda a dificultade económica de facerlle fronte aos incrementos dos custes das importacións de forraxes que veñen de Latinoamérica, ou antes, do leste de Europa, pola subida do prezo dos carburantes fan imprescindible a autosuficiencia alimentar e a polo tanto a produción propia, polo que se require unha aposta decidida por un modelo fundamentado na soberanía alimentar.

Evidentemente esta produción propia non se pode levar a cabo de xeito tradicional, o fundamental céntrase na actualización técnica e de coñecemento para acadar cultivos de calidade. Tamén é imperativa a transferencia de coñecemento para facer viábeis as granxas e explotacións a medio e longo prazo, dado que no mundo agrario no que os cambios son cada vez máis vertixinosos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende a política agraria europea priman cada vez máis exixencias relacionadas co benestar animal, o coidado medioambiental, o control de fitosanitarios nos vexetais e antibióticos nos animais, avogándose claramente por unha agricultura de precisión que monitoriza aos cultivos e o coidado animal, de modo que as intervencións que se teñan que facer sexan mínimas ao ir por diante de potenciais pragas e enfermidades.

É, polo tanto, a estas alturas do século XXI imprescindible fomentar a investigación e a innovación que á súa vez vai xerar un coñecemento fundamental para estar na vangarda da produción agrícola, máxime cando un país como o galego que é líder nestas producións porque o contrario supón quedar en desvantaxe co resto de países e rexións do mundo.

É evidente que todo pasa porque este coñecemento se transmita adecuadamente aos principais actores, cuestión que non se debe estar a producir xa que alá polo 2008 en Europa pensouse que se precisaba un sistema de transferencia de coñecemento e innovación que quedou ata actualidade nunha mera proposición teórica.

Parece que é agora o momento no que os circuítos de transferencia de coñecementos deben desenvolverse, e isto terá que facerse tendo en conta as realidades dos distintos estados europeos e tamén ás diversas realidades que se dan dentro de cada estado.

Preocupa principalmente que a falta de cultura de transferencia de coñecemento que se demostra na mínima execución da submedida referida a isto do último período do PDR. Preocupa tamén que quizá non se vaian incluír tódolos actores implicados ata o de agora, e por último preocupa que a estas datas non teñamos coñecemento oficial de quen está a facer o traballo, en que punto do proceso están, con que participación se conta ou para cando estará dispoñible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

. En que momento de desenvolvemento está o deseño para Galiza dos AKIS (sistemas de transferencia de coñecemento e innovación), con quen persoas se está contando para o seu deseño e a que actores vai destinado?

. Van aproveitar esta circunstancia para usar o deseño AKIS para a vertebración e reforzo da estrutura necesaria para a investigación, a formación e capacitación agraria e o asesoramento rural?

. Que organismo da consellería se está a facer cargo desta tarefa?

. En que momento do seu deseño se atopa?

. Que metodoloxía están empregando para o deseño do modelo?

. Como é o proceso de participación pública entre todos os actores que interveñen?

. Ten en conta tódolos centros xeradores de coñecemento?

. A quen vai ir destinado?

. Contempla o modelo a importancia de que a comunicación flúa dos profesionais agrarios aos profesionais investigadores e non só á inversa?

. Vanse incorporar dalgún xeito os centros formadores de formación profesional?

. Vaise aproveitar esta circunstancia para avaliar as potenciais necesidades de recursos dos actuais centros de investigación ?

. Vaise aproveitar esta circunstancia para adaptar mellor a Formación e a capacitación agraria ás necesidades do sector produtivo?

. Con que recursos económicos vai contar isto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Será unha das intervencións das que se execute o 100% do orzamento?
- . Como unha porcentaxe elevada de fondos do novo PDR van destinados a promover empresas de asesoramento privado profesional especializado, como pensan artellar a intervención do PDR?

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 03/11/2023 10:44:45

María del Carmen Aira Díaz na data 03/11/2023 10:44:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a redución de penas por aplicación da atenuante de dilacións indebidas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días deuse a coñecer a sentenza ditada pola Sección Segunda da Audiencia Provincial de Ourense pola que se condenaba a un veciño do partido xudicial do Carballiño a unha pena de 11 anos e medio de prisión, como autor criminalmente responsable de varios delitos contra a liberdade e integridade sexual (abusos e agresións sexuais e violación) sendo a vítima menor de idade no momento en que se produciron as agresións obxecto de axuízamento e posterior condena, contando con apenas 9 anos cando se iniciaron as agresións sexuais.

A pena imposta polo Tribunal, que aínda non é firme, é substancialmente inferior á solicitada pola acusación particular e polo Ministerio Público, que interesaban para o acusado a imposición de penas de 21 e 19 anos de prisión, respectivamente. A redución da pena impostas en relación coas solicitadas polas partes acusadoras foi debido á aplicación -novamente – da atenuante de dilacións indebidas, toda vez que a tramitación do procedemento excede notoriamente o lapso temporal entendible como razoable para unha causa desa índole e non cualificable como complexa. Incoouse en marzo de 2015 e a vista celebrouse no mes de setembro de 2023, remontándose os feitos obxecto de axuízamento aos anos 2009 e 2013.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As rebaixas na penas en delitos de extraordinaria importancia, tanto polo ben xurídico protexido, como pola alarma social que provocan, como consecuencia da aplicación da atenuante de dilacións indebidas non está sendo un fito illado, senón que se veñen producindo con preocupante frecuencia. Tanto é así, que este grupo parlamentar xa presentou diversas iniciativas para solicitar á Xunta de Galiza información sobre a evolución da aplicación desta atenuante, e para promover as medidas necesarias para corrixir as disfuncións que dan lugar a súa aplicación.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Coñece a Xunta de Galiza a evolución do número de sentencias xudiciais na que xulgados ou tribunais de Galiza aplicaron a atenuante de dilacións indebidas?

Considera a Xunta de Galiza que a demora inxustificada na resolución dos procedementos xudiciais prexudica a lexítima confianza da cidadanía no funcionamento dos xulgados e tribunais?

Ten detectado a Xunta de Galiza a causa pola que se están a producir estas dilacións indebidas?

Que actuacións ten promovido ou posto en marcha a Xunta de Galiza para evitar se produzan dilacións indebidas na instrución e resolución de procedementos xudiciais de carácter penal?

Un incremento do cadro de persoal nos xulgados e tribunais e nas institucións auxiliares aos órganos xurisdiccionais permitiría unha maior axilización na tramitación e resolución dos procedementos xudiciais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/11/2023 12:02:55

Iria Carreira Pazos na data 03/11/2023 12:03:06

Xosé Luis Bará Torres na data 03/11/2023 12:03:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

Hai case un ano coñecíase o interese de *Green Capital Power* por construír unha central eléctrica reversible en Brión vencellada ao embalse Barrié de la Maza, no río Tambre, que causou un rexeitamento unánime no concello, sobre todo entre a veciñanza de Cornanda, xa que esta iniciativa prevé a construción dunha gran balsa de auga (de tres mil millóns de litros) e unha rede de tendido eléctrico.

No preceptivo trámite de exposición pública, o proxecto tivo máis de 400 alegacións. O propio concello, que encargou un informe técnico para coñecer o impacto real da presa, púxose a disposición das persoas que desexasen presentar reclamacións, para o que creou un servizo específico de asesoramento técnico baixo demanda. Tamén o Concello de Negreira presentou unha alegación contra o impacto paisaxístico do proxecto.

Tanto para a veciñanza como para o propio consistorio, a obra suporía unha grave afectación en múltiples vertentes, tanto na calidade de vida das persoas que viven na zona, sobre todo da parroquia de Cornanda, como na contorna natural e paisaxística, nas zonas protexidas pola Rede Natura 2000 ou mesmo no patrimonio cultural. Tamén ademais os problemas de seguridade que podería ter no futuro unha construción destas dimensións emprazada nunha zona máis alta que o encoro xa existente.



Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego de interese o proxecto dunha central eléctrica reversible no río Tambre ao seu paso por Brión?
2. En que estado se atopa este expediente?
3. Como vai garantir a Xunta de Galicia que o proxecto, de ser aprobado, cumprirá escrupulosamente coa normativa que asegure a nula afectación á veciñanza e a súa contorna natural e cultural?

Parlamento de Galicia, 3 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 03/11/2023 13:42:26

Patricia Otero Rodríguez na data 03/11/2023 13:42:39

Eduardo Ojea Arias na data 03/11/2023 13:42:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**.

O CFEA Pedro Murias de Ribadeo dependente da Axencia Galega de Calidade Alimentaria estivo 10 anos sen actividade, con cursos de cociña para amas de casa e os encontros de peñas de fútbol que non xustificaban a presenza no centro dun cadro de persoal sen traballo.

Hai 3 anos implantouse un ciclo forestal, a pesar de que este centro estaba preparado para impartir formación da rama agrogandeira, un sector que necesita planificar e duplicar esforzos para atender as necesidades das explotacións para que atopen man de obra cualificada, e non sigamos asistindo ao peche de moitas delas por falla de relevo xeracional.

Baixo a dirección dunha enxeñeira de montes o centro mellorara a súa actividade e o ciclo forestal comezaba a dar os seus froitos, pero observamos como a directora foi cesada e unha vez máis a Consellería do Medio Rural volveu a actuar como axencia de colocación do PP e aproveitou que a dita praza é de libre designación para nomear como director do CFEA a Manuel Valín Valdes, coñecido político do PP de Ribadeo, que leva saltando de posto en posto nos sucesivos gobernos do PP na Xunta de Galicia.

Sabemos que outros perfís cunha formación máis adaptada a un centro de formación agrario solicitaron a praza, pero esta recaeu nun licenciado en Xeografía e Historia na especialidade de Arte Moderno e Contemporáneo que



ten o mérito de ser durante anos concelleiro e voceiro do PP en Ribadeo, algo que xa vivimos cos nomeamentos na Agader do subdirector cunha oposición preparada “AD HOC” para un coñecido dirixente do PP en Valdeorras ou a fichaxe do antigo alcalde do PP en Fisterra como asesor.

A formación agraria pública é esencial para un país onde a actividade agrogandeira ten un peso importante e máis cando resulta complicado atopar traballadores para o dito sector e temos unha falla evidente de incorporación de mozos ao campo, polo que o Goberno galego debería de tomar en serio a formación e experimentación agraria dependente da Xunta de Galicia, buscando os mellores perfís profesionais para dirixir estes centros e non funcionar como unha axencia de colocación do partido que sustenta o goberno.

Por iso, o deputado e as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son os baremos utilizados pola dirección do Agacal para o nomeamento dun licenciado en Xeografía e Historia na especialidade de Arte Moderno e Contemporáneo como director do CFA Pedro Murias de Ribadeo?
2. Había outros perfís que solicitasen a praza de director do CFA Pedro Murias?
3. Tivo a Consellería en conta a dilatada carreira no PP local de Ribadeo do director nomeado para darlle a dita praza?

Parlamento de Galicia, 3 de novembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2023 13:54:27
Nº Rexistro: 61848
Data envío: 03/11/2023 13:54:27.584

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 03/11/2023 10:43:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/11/2023 10:43:29

Patricia Otero Rodríguez na data 03/11/2023 10:43:41

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227821

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 1ª**.

A Comisión Galega da Competencia (CGC), órgano colexiado adscrito ao Instituto Galego do Consumo e da Competencia, é o organismo encargado da aplicación en Galicia da Lei de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia. A tal fin, a Comisión ten a obriga de instruír e sancionar as condutas empresariais prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da citada Lei de defensa da competencia que teñan efectos unicamente na Comunidade Autónoma de Galicia.

En marzo deste ano coñecemos unha sentenza do TSXG que considera que existen indicios claros de infracción na actuación reiterada das empresas Monbus e Alsa na presentación de ofertas aos concursos públicos en Galicia e ordena á Comisión Galega da Competencia que incoe un expediente sancionador contra esas empresas “por indicios de ter podido repartirse o mercado” ao concorrer en 2020, a través dunha UTE a un concurso público de varios contratos de transporte por estrada. Declara ademais a nulidade da resolución da Comisión Galega da Competencia na que arquivou, sen incoar expediente sancionador, “as actuacións desenvolvidas en virtude das denuncias presentadas, sen realizar comprobación dos feitos denunciados, existindo indicios racionais de infracción”.



Ademais da extrema gravidade das consideracións da sentenza, chama a atención que unha comisión que debiera ser independente teña entre as tres persoas que forman o seu pleno dous ex deputados do Partido Popular. Chama tamén a atención –considerando que a Xunta de Galicia tramitou no ano 2022 205.419 expedientes de contratación por valor de 2233 millóns de euros- que o número de resolucións emitidas en 2022 polo CGC fora de 6, no 2021 de 5 e no 2020 de 6, o que implica unha media nos tres últimos anos de 5,66 resolucións por ano, das cales a maioría non rematan en sanción, dúas moi recentes remataron nunha prescrición sen sanción e outra nunha terminación convencional contraria a doutrina da CNMC respecto da aplicación desa figura.

Vimos de coñecer que o Tribunal Supremo non admitiu o recurso de casación formulado contra a sentenza do TSXG antes citada polas empresas Alsa e Monbus e pola propia Xunta de Galicia, con imposición de costas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai adoptar o Goberno de Galicia algún tipo de medida ante a inadmisión polo TS do recurso de casación formulado pola Xunta contra a sentenza do TSXG que anula unha resolución da Comisión Galega da Competencia por non investigar claros indicios de infraccións da competencia por parte de dúas empresas de transportes e en concreto de “concerto para obter unha posición dominante” entre esas empresas, e ademais ordena á Comisión que proceda a abrir expediente sancionador?
2. Vai adoptar o Goberno de Galicia algún tipo de medida para evitar conductas contrarias á competencia no ámbito do transporte público de Galicia?
3. Vai adoptar a Xunta de Galicia algún tipo de medida ante a evidencia de mal funcionamento da Comisión Galega da Competencia que pon de manifesto esta sentenza do TSXG e o feito de que as escasísimas resolucións que a dita



ese organismo público rematen case sempre en arquivos, prescricións ou terminación convencionais e practicamente nunca en sancións?

Parlamento de Galicia, 3 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 03/11/2023 16:28:15

Paloma Castro Rey na data 03/11/2023 16:28:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellería de servizos sociais cofinancia xunto coa Unión Europea o servizo de atención temperá no concello de Outeiro de Rei, que se localiza na casa da cultura da localidade e atende a crianzas dos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e dende primeiros deste ano 2023 tamén ás de Cospeito.

Descoñecemos o número de crianzas que viñan atendendo as profesionais do servizo, pero si que tiveron que sufrir un incremento debido á incorporación das nenas e nenos do concello de Cospeito.

Debido a este incremento do número de nenas e nenos que precisan atención que se xuntou coa baixa da profesional de pediatría que o SERGAS non cubriu, propiciouse un incremento da lista de espera de 1 a 6 meses, o que necesariamente abocou ás familias a recorrer á atención privada, cando poderían ter estas terapias de xeito gratuíto polo menos ata os 6 anos.

O número de horas á semana adicadas á atención temperá tamén parece insuficiente, xa que, segundo a nosa información, é de 27 horas que non chegan para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atender as nenas e nenos destes 3 concellos, aínda que hai un compromiso de incremento de xornada a 40hs semanais, pero non se cumpriu aínda.

Esta cuestión prexudica gravemente ás crianzas con necesidades de atención temperá debido a que anualmente incorpóranse a esta atención poucas nenas e nenos, este ano foron catro, e a maiores hai diferencias entre eles, xa que os que teñen o colexio ao lado da casa da cultura poden ter sesións de 45 minutos mentres os de outros concellos só contan con 30.

Os 3 concellos andan polos 5000 habitantes e contan cunha poboación infantil que suman 1365 nenas e nenos, para as que xa a atención pediátrica é insuficiente ao que se engade tamén a insuficiencia de Atención Temperá.

Galiza atende unha porcentaxe moi baixa de nenas e nenos con estas necesidades en comparación con outras comunidades autónomas que atenden o 100%, esta cuestión pode marcar unha importante diferenza no seu desenvolvemento vital no futuro, por isto é extremadamente importante dotar dos recursos suficientes este tipo de atención.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Vai o goberno da Xunta reforzar a dotación de recursos económicos para a atención temperá dos concellos de Outeiro de Rei, Castro de Rei e Cospeito, de modo que se poidan atender o 100% das crianzas que o precisen durante sesións completas con independencia de onde vivan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantas nenas e nenos precisan de atención temperá nestes 3 concellos e cantos están recibindo terapia?

Que lista de espera hai neste momento?

Coñecen o número de familias que están realizando un desembolso económico por falta de atención temperá pública á que teñen dereito?

Que motiva que as crianzas de Outeiro de Rei desfruten de sesións de 45 minutos mentres os dos outros dous concellos só se tratan durante 30 minutos?

Cando van incrementar o número de horas da atención temperá en Outeiro de 27 a 40hs?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 06/11/2023 10:11:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2023 10:13:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza clarifique a situación que están a vivir os e as residentes no Centro San Rafael en Mondoñedo..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No centro residencial San Rafael de Mondoñedo están a sufrir desde hai preto de un ano unha serie de deficiencias que puxeron en alerta aos familiares dos propios residentes. Estes familiares veñen sinalando que o inmobiliario do centro se atopa en condicións deplorables que poden poñer en risco a integridade física dos e das residentes.

Alén disto, tamén se constatou unha evidente falta de persoal, xa que nin as baixas, nin as vacacións son cubertas polo centro, o que provoca que as persoas residentes non poidan ser atendidas cuns mínimos de calidade, algo que se pode evidenciar ao sabermos que soamente dúas profesionais atenden aos case 50 residentes, todo isto nun edificio extremadamente grande e incómodo.

Esta realidade provoca, por exemplo, que as comidas non poidan ser dispensadas ás horas axeitadas, chegando a pasar máis de 14 horas entre inxestas. A isto debemos sumarlle o feito de que as coidadoras ademais de atender aos residentes deben contestar ao teléfono e saír ao exterior para abrir a verxa de acceso.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por se fose pouco o reflexado, tamén se ten constatado que o centro carece do obrigado servizo de enfermería durante a fin de semana e a calidade da comida ofrecida vén diminuindo desde hai tempo.

Pois dentro desta espiral de deterioro do servizo ofrecido os e as familiares dos residentes topáronse recentemente con dúas noticias. A primeira ten que ver con que a todas estas deficiencias temos que sumar o feito de que a Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz del Noroeste decidiu incrementar o prezo mensual da residencia até chegar aos 1900 euros mensuais.

A este incremento sen precedentes, que pode chegar a ser de até 700 euros, tamén lle debemos engadir que a Xunta de Galiza vai contratar prazas de carácter público neste centro, polo que os familiares entenden que administración pública ten que garantir que estas deficiencias sexan solventadas e que o servizo mellore.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza as queixas presentadas polos familiares do centro San Rafael de Mondoñedo?

- Vai a Xunta de Galiza tratar de mellorar os problemas relacionados coa infraestrutura do centro?

- Como valora a Xunta de Galiza o aumento dos prezos do centro mentres que a propia administración pública vai ofrecer prazas públicas neste centro?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Nas prazas públicas ofrecidas pola Xunta de Galiza vanse garantir os criterios de proximidade?

- Cre a Xunta de Galiza que se pode ofrecer un servizo digno coas condicións e o número de traballadores e traballadoras coas que conta o centro?

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 06/11/2023 12:07:57

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2023 12:08:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O mosquito tigre é considerado un problema de saúde pública non só pola irritación que causan as súas picaduras senón pola súa capacidade de transmitir numerosas enfermidades, as principais son dengue, Zika, chikungunya e febre amarela.

A Consellería de Sanidade na provincia de Pontevedra detectou a presenza deste insecto en Vilaboa, Cangas, Moaña, Redondela e Vigo.

Aínda que se espera que a baixada de temperaturas previsible nas próximas semanas axude a que desapareza o mosquito tigre durante os meses de inverno, o máis probable é que este retorne na primavera e poida estenderse por todo o territorio.

Outras comunidades autónomas, con presenza máis asentada deste animal xa desenvolveron estratexias para o seu control e prevención polo que dende o grupo socialista entendemos que o goberno da Xunta ten que poñerse as pilas, antes de que sexa demasiado tarde xa que neste momento aínda é controlable.

Cremos que é necesario tomar medidas coma se fixo noutras comunidades coma Murcia onde se creou un Sistema Rexional de Vixilancia do Mosquito Tigre, unha iniciativa pioneira en España que desenvolve a Consellería de Saúde, implantada en todos os municipios da rexión para acadar os datos que



aporten os concellos sobre este insecto, que pode ser vector na transmisión de enfermidades.

O que se pretende é que unha rede coordine a todos os concellos para o desenvolvemento de actuacións comúns coma instalación de trampas, recompilación de datos sobre a presenza deste insecto ou vixilancia destas poboacións.

Ademais dunha campaña de información e concienciación cidadán.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas levou a cabo o Goberno galego para previr a expansión e levar a cabo o control do mosquito tigre?
2. Que medidas ten previsto implementar ante a expansión deste insecto considerado coma un problema de saúde pública?

Santiago de Compostela, 6 de novembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 61879
Data envío: 06/11/2023 15:38:59.051

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 06/11/2023 15:36:44

Julio Torrado Quintela na data 06/11/2023 15:36:57

Marina Ortega Otero na data 06/11/2023 15:37:08

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227834

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O Goberno central vén de convocar por procedemento escrito a Conferencia sectorial de Medio Ambiente, un feito que supón negarlle ás comunidades autónomas a posibilidade de debater sobre temas claves nesta materia para os seus territorios.

Cómpre sinalar que esta reunión da Conferencia sectorial estaba pendente de celebrar desde o verán e que na súa orde do día inclúense cuestións tan importantes como a distribución de fondos económicos en diferentes materias, entre elas os correspondentes a previr e paliar os danos do lobo. Unhas cuestións de calado, que non poden despacharse por correo electrónico.

Isto supón un novo agravio a Galicia, que xa foi chantaxeada cos fondos do lobo correspondentes a 2022 por non apoiar a estratexia nacional. E, agora, con esta convocatoria por escrito o Goberno central evita reunirse coas comunidades e debater sobre dito reparto de fondos.

Fronte a esta convocatoria do Executivo de Pedro Sánchez, Galicia e outros 13 gobernos autonómicos amosaron o seu rexeitamento, indicando que a Conferencia sectorial debe convocarse conforme á legalidade, xa que a modalidade de procedemento escrito non se pode empregar para a adopción de acordos relacionados co reparto de fondos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a postura da Xunta de Galicia ante a convocatoria por procedemento escrito da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente na que se inclúe o reparto de fondos do lobo?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2023 10:15:01
Nº Rexistro: 61888
Data envío: 07/11/2023 10:15:01.059

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 07/11/2023 09:28:00

Carmen María Pomar Tojo na data 07/11/2023 09:28:13

Ramón Carballo Páez na data 07/11/2023 09:28:29

José Manuel Balseiro Orol na data 07/11/2023 09:28:42

María Belén Salido Maroño na data 07/11/2023 09:28:59

José Luis Ferro Iglesias na data 07/11/2023 09:29:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/11/2023 09:29:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Rosalía López Sánchez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

A extensión do xabaril é unha realidade en Galicia, na meirande parte de España e tamén en Europa, A expansión das zonas boscosas e un clima cada vez máis suave, son algunhas das causas que axudan a súa proliferación.

A Xunta de Galicia leva anos redobrando esforzos e adoptando medidas para controlar a poboación do xabaril e prever e paliar os posibles danos que ocasiona esta especie silvestre, non só na agricultura, tamén na gandería e na circulación viaria.

Medidas de control, a través dun contacto fluído cos tecores galegos para valorar a idoneidade de realizar accións de caza controladas, axilización administrativa para a autorización de batidas e poder actuar con rapidez: medidas preventivas, para evitar danos recorrentes ou repetitivos; medidas paliativas, para axudar a minorar os danos producidos por esta especie e tamén medidas excepcionais, para atender e dar resposta a situacións determinadas.

Case 10 millóns de euros mobilizados nos últimos anos por parte do goberno galego, e se referimos o orzamento para este ano 2023 a Xunta de Galicia inviste 1,73 millóns de euros para seguir actuando e adoptando medidas de prevención e para facer fronte ás indemnizacións polos danos causados por esta especie en cultivos e explotacións agrogandeiras.

Ademais, o Goberno galego puxo en marcha recentemente a declaración de emerxencia cinexética, unha acción temporal para atender a unha maior incidencia ou afección desta especie en determinadas zonas.

Tamén desde hai algúns anos asistimos a unha maior presenza destes animais en zonas urbanas e periurbanas, o que obedece a un cambio de hábitos destes animais, que aproveitan unha contorna propicia que lles permite trasladarse facilmente, variando así os seus movementos e achegándose a zonas máis poboadas, onde tamén atopan alimento fácil e refuxio, ademais de seguridade.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Xunta tamén puxo en marcha un procedemento de colaboración coas entidades locais, dirixido a aportar solucións á introdución e captura do xabaril nas zonas máis poboadas e que xa se está aplicando en varios concellos. Un procedemento que xa foi asinado co Concello da Coruña.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son os obxectivos do protocolo de colaboración asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello da Coruña para o control das poboacións de xabaril en zonas urbanas e periurbanas?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 07/11/2023 09:56:36

López Sánchez, Rosalía na data 07/11/2023 09:56:51

Carmen María Pomar Tojo na data 07/11/2023 09:57:05

Ramón Carballo Páez na data 07/11/2023 09:57:20

José Manuel Balseiro Orol na data 07/11/2023 09:57:35

María Belén Salido Maroño na data 07/11/2023 09:57:48

José Luis Ferro Iglesias na data 07/11/2023 09:58:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/11/2023 09:58:18





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e Rosalía López Sánchez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Federación Española de Familias Numerosas (FEFN) ven de solicitar ao Goberno central que recupere a exención do pago á Seguridade Social para as empresas nas baixas por nacemento dun fillo, que existía ata o pasado 31 de agosto, e que se substituíron por unha bonificación de 366 euros, e sempre que se cumpran unha serie de requisitos no perfil do traballador que cubra temporalmente ese posto.

A FEFN fai esta reivindicación con motivo da recente entrada en vigor, o pasado 1 de setembro, do Real Decreto-ley 1/2023 de medidas urgentes en materia de incentivos a la contratación laboral y mejora de la protección social de las personas artistas.

De acordo co artigo 17 deste Real Decreto, darán dereito a unha bonificación na cotización de 366 euros ao mes os contratos de duración determinada que se celebren con persoas desempregadas, menores de 30 anos, para substitución de persoas traballadoras de baixa por nacemento e coidado do menor; por risco durante o embarazo ou risco durante a lactancia natural.

Segundo a FEFN é unha clara penalización da maternidade e a paternidade. A medida, aínda que afectará a homes e mulleres, ao terse igualado os permisos por fillo entre ambos, terán un impacto maior na muller, polo embarazo, que tamén da dereito a baixa cando hai risco e que é algo que non se pode compartir nin delegar no home. «Se está





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Paula Mouzo Mas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O incremento dos custos de produción, tales coma enerxía, embalaxes ou aceite, o encarecemento dos custos de persoal, debidos ás revalorizacións ligadas a un altísimo IPC, e a forte caída do consumo, maior para peixe, conservas e produtos transformados, provocaron que empresas do sector transformador da pesca amosen serio problemas de liquidez nas últimas semanas.

Esas circunstancias provocan altos volumes de existencias nas empresas, que unido á falta de vendas, e ás importacións libres de aranceis de terceiros países como Vietnam, China, Rusia, Tailandia ou Indonesia, impide recuperar o gasto na produción.

Para impulsar a demanda de produtos do mar, e polo tanto mellorar os ingresos e a liquidez nas empresas do sector, ademais de contribuír á mellora na alimentación da poboación, o Goberno de España debería poñer en marcha medidas e accións tales como as que se desenvolven dende a Xunta de Galicia, que ten en marcha campañas para promover o consumo de peixe, como Galicia sabe a Mar, ou as axudas á cadea mar- industria que ascenderon aos 7,5 Millóns de euros para paliar o impacto da crise provocada pola invasión a Ucraína.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación na que se atopan as empresas de transformación de peixe?
- 2.- Que medidas cre que debería tomar o Goberno do Estado para que melloren a súa liquidez e poidan manter á actividade e os postos de traballo?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023





discriminando al trabajador que tiene hijos frente al que no los tiene, pero evidentemente, la mujer se lleva lo peor», sinalou o presidente da Federación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as medidas de apoio ás familias numerosas postas en marcha pola Consellería de Política Social e Xuventude e o seu criterio en relación ás reivindicacións da Federación Española de Familias Numerosas?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 07/11/2023 10:01:38

José Alberto Pazos Couñago na data 07/11/2023 10:01:54

María Corina Porro Martínez na data 07/11/2023 10:02:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 07/11/2023 10:02:22

Noelia Pérez López na data 07/11/2023 10:02:38

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 07/11/2023 10:02:52

López Sánchez, Rosalía na data 07/11/2023 10:03:04





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2023 10:17:24
Nº Rexistro: 61896
Data envío: 07/11/2023 10:17:24.669

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 07/11/2023 10:10:33

José Manuel Balseiro Orol na data 07/11/2023 10:10:50

Ana Belén García Vidal na data 07/11/2023 10:11:03

Freire Vázquez, María Begoña na data 07/11/2023 10:11:15

Manuel Santos Costa na data 07/11/2023 10:11:28

María Elena Suárez Sarmiento na data 07/11/2023 10:11:40

Paula Mouzo Mas na data 07/11/2023 10:11:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa aos TACs e cotas para o 2024 e ás medidas a tomar para evitar que continúen os prexuizos para a frota galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O reparto de TACs (Totais Admisíbeis de Capturas) e cotas para este ano 2023 deixou moi malas novas para a frota galega, sobre todo no referido ao brutal recorte do xurelo no Cantábrico Noroeste e o Gran Sol (dun 95% respecto ao ano anterior, pasando de 70.000 toneladas no 2022 a 3.200 en 2023).

A propia Xunta de Galiza recollía daquela, nun informe remitido á UE que “o TAC cero de xurelo do Cantábrico Noroeste e o Gran Sol” (inicialmente previsto) “afectaría á frota do arrastre e palangre de fondo no Atlántico nororiental e ao arrastre de litoral, cerco, volanta, palangre de fondo e artes menores na zona 8C (de Fisterra ao Golfo de Biscaia). Incidiría na actividade de 3.800 tripulantes e tería un impacto directo en primeira venda de arredor de 12 millóns de euros. Esa redución nos ingresos da frota repercutiría negativamente nos salarios das tripulacións en máis de 4,4 millóns de euros, unha incidencia que sería de arredor de 1.200 euros anuais por tripulante, sen esquecer as consecuencias indirectas sobre as empresas de subministro de gasoil, xeo, víveres, servizos de reparación ... Ata 4,3 millóns de euros pola minoración dos inputs necesarios para desenvolver a actividade pesqueira”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Descoñecemos se a día de hoxe a Xunta de Galiza elaborou algún informe que corrobore aquelas afirmacións e, aínda que o temido TAC cero foi finalmente de apenas 3.000 toneladas e unicamente para a pesca accidental (é decir, só se podía pescar xurelo mentres se capturaban outras especies, permitindo o desembarco pero sen superar unha porcentaxe de capturas), é obvio que tivo importantes repercusións para a frota galega e que non tivo en conta, ademais, que en Galiza vai xa para tres anos que a frota do cerco vén aplicando topes de 750 quilos ao día por cada mariñeiro e, dende logo, non se valoraron, como é habitual, as consecuencias sociais e económicas que traería a decisión.

Ademais do cerco, o máis afectado, cunha frota próxima aos 150 buques, as artes menores viron tamén moi minguada a súa actividade sobre este recurso e só puideron desembarcar 30 quilos de xurelo por barco á semana.

Diante daquela grave situación, o MAPA aínda escatimou as condicións das paradas temporais para o cerco, ademais de non incluír ao arrastre, na que algúns barcos teñen o xurelo como especie principal, nin ás artes menores. Tampouco se veu beneficiado todo o cerco, só os buques máis dependentes da especie e cunhas indemnizacións de 50 euros por día laborábel para os tripulantes (non de luns a domingo) e a exención de parte (non do total) do pago das cotas da Seguridade Social para os armadores.

Neste sentido, cabe destacar que da Xunta de Galiza non houbo ningunha medida, nin ningunha liña de axudas para a frota afectada, máis alá de solicitarllas ao Estado.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o ano 2024, o ICES (Consello Internacional para a Exploración do Mar) repite a súa recomendación de non pescar xurelo na zona 8C, e incluso avanza que ese mesmo é o pronóstico para o 2025.

Pola contra, o Consello Consultivo de Augas Suroccidentais (CC Sur), que inclúe representantes da frota e de ONGs e que emite informes e recomendacións sobre a pesca no Golfo de Biscaia, o Cantábrico e Galiza, Portugal e o Golfo de Cádiz, rexeitou nunha reunión mantida en Santiago no pasado mes de outubro a proposta científica dun segundo ano sen capturar xurelo de Fisterra hacia o norte.

En canto á xarda, outro dos principais recursos da frota cerqueira e arrastreira galega, hai acordo entre os países que forman parte da NEAFC (Comisión de Pesquerías do Atlántico Nordeste), Noruega, Illas Feroe, Groenlandia, Islandia, Reino Unido e a UE, sobre o tope a pescar establecido para 2024, 739.386 toneladas para todos os países (un 7% menos que este ano), mais non sobre a distribución desa cantidade.

Esta circunstancia xa se dera no 2023, onde a recomendación do ICES, de 782.066 toneladas fora aceptada pero non cumprida, xa que os distintos países non se puxeran de acordo na distribución e, finalmente, acabáronse establecendo cotas unilaterais e capturando, segundo os informes, por parte dalgúns países que non forman parte da UE varios centos de miles de toneladas máis, sen que a UE tomase ningunha medida ao respecto e sen que atendese a petición da frota europea de pechar o mercado da xarda deses países por poñer en risco a sostibilidade da pesquería.

Ademais, en canto ás especies circunscritas ás augas que xestiona exclusivamente a UE, a frota galega seguirá a ter que facer fronte ás restricións da pesca da anguía que propón a CE, que xa aumentara a veda de 3 a 6 meses neste ano 2023 e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

malia a que no noso país trátase dun recurso que se pesca en augas interiores , con plans de explotación, e que leva anos en equilibrio.

Tamén, para o abadexo a CE propón un recorte do 53% no Golfo de Biscaia e no Cantábrico Noroeste, que supera con moito o 36% proposto polo ICES e que, aínda non sendo unha especie principal para a frota galega, é un recurso complementario que, segundo Pescadegalicia, supuxo para a frota de artes menores de Galiza unha facturación de máis de 2 millóns de euros no ano 2022 (315.000 quilos). A importante diminución que se propón para o 2024, pode provocar que a frota teña que parar se se acaba a cota dispoñíbel, xa que se entra no aparello non pode descargarse en lonxa nin devolverse ao mar, situación que xa vén causando problemas nos últimos anos.

Por último, para a cigala de Galiza (área fucional 25), a CE propón para os vindeiros anos que continúe practicamente pechada na súa totalidade unha veda que xa dura, con este, 7 anos.

En definitiva, un 2024 que se presenta outra vez moi complicado para gran parte do sector pesqueiro galego e que un ano máis pon en evidencia a necesidade imperiosa dunha reforma da Política Pesqueira Común (PPC) que xa leva suposto o insoportábel balance de termos pasado de 5.600 barcos no 2004 en Galiza aos apenas 4.000 da actualidade sen que, ademais, os distintos Gobernos do Estado e da Xunta de Galiza teñan tomado medidas para evitalo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai o Goberno galego das propostas do ICES e da CE relativas aos TACs e cotas para o ano 2024?

. Ten levado a cabo algún estudo da afectación e consecuencias económicas e sociais do recorte do xurelo neste 2023, tanto para a frota como, indirectamente, para outras empresas e para as zonas costeiras galegas máis danadas? De ser así, cais son as conclusións do mesmo? .

. Que valoración fai da inexistencia de medidas durante este ano por parte da UE sobre a xarda que tivo entrada no mercado europeo procedente de países que, segundo os informes, están a poñer en risco a súa sostibilidade? Ten datos concretos sobre o que supuxo para a frota galega o incumprimento do acordo sobre distribución da xarda?

. Posúe algún estudo ou datos concretos sobre a afectación que tivo en Galiza a ampliación da veda da pesca da anguía? Nestes momentos dispón de datos sobre o seu estado nas augas interiores galegas?

. Puxo en coñecemento do Goberno do Estado nalgún momento a situación de equilibrio que presentaba a anguía dentro das augas interiores galegas? Tratou de chegar a algún acordo para evitar aumentar as restricións? De ser así, por que non puido ser posíbel? Que medidas vai tomar a este respecto de cara a 2024 de se manter o actual período de veda?

. No caso do abadexo, trasladou ao Goberno do Estado os problemas que xa se veñen derivando dos recortes nos últimos anos para a frota de artes menores galega? De ser así, chegaron a algún punto de encontro para paliar as consecuencias que eses recortes están a traer?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera que a aplicación da PPC en Galiza foi prexudicial para a nosa frota nos últimos anos? De ser así, vai instar ao Goberno do Estado e á UE a tomar as medidas oportunas para unha reforma da mesma que non siga a condenar á frota galega á súa extinción?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 07/11/2023 10:23:09

Carmela González Iglesias na data 07/11/2023 10:26:18

Daniel Castro García na data 07/11/2023 10:26:21



Á Mesa do Parlamento

María Susana López Abella, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.

O sector do viño na nosa comunidade, ten unha grande importancia económica e social, en particular no relativo á elaboración de viños de calidade diferenciada, xa que contamos con cinco denominacións de orixe protexidas (DOP) e catro indicacións xeográficas protexidas (IXP), ás que están acoillidas 13.400 viticultores e 479 adegas, cun valor económico estimado do viño comercializado superior aos 200 millóns de euros.

Polas particulares características da actividade económica das adegas de elaboración de viño acoillido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, requírese un importante volume de financiamento. O longo período de elaboración e a necesidade de afrontar o pagamento das colleitas nun prazo máximo de 30 días desde a validación formal da colleita por parte dos Consellos Reguladores, fan imprescindible dispor de financiamento bancario recorrente para as campañas, que ten a consideración de capital circulante estrutural.

A crise causada pola covid-19 neste sector, paliouse mediante instrumentos financeiros que permitiron aprazar os pagamentos das colleitas dos anos 2020 e 2021. O actual contexto de importante subida dos tipos de interese, fai que o custo de financiar a actual campaña supoña un importante lastre, ademais de dificultades de acceso ao crédito, afectando á competitividade das adegas, e podendo chegar a impedir que os viticultores cobren a colleita nos prazos estipulados.

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, na súa xuntanza do 27 de setembro de 2023, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acoillido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Así, por resolución do 16 de outubro de 2023 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar o financiamento da adquisición de uva polas adegas de elaboración de viño acollido ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas para a campaña 2023, publícase no Diario Oficial de Galicia para o ano 2023 en réxime de concorrência non competitiva o día 24 de outubro de 2023.

O pasado 26 de outubro, o director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, acompañado polo director financeiro do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), comezou unha serie de visitas aos Consellos Reguladores das denominacións de orixe, Valdeorras e Ribeira Sacra para presentarlles aos bodegueiros as axudas do Igape para a adquisición de uva.

Por todo o anterior, as deputadas e os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a contía que se vai a destinar a estas axudas?
2. Cales son os principais requisitos esixidos para poder acceder a estas subvencións para a compra de uva?
3. Cal é a valoración que fai a Consellería do Medio Rural sobre a situación actual do sector do Viño en Galicia?

Santiago de Compostela, 7 de Novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Susana López Abella na data 07/11/2023 10:27:25

José Antonio Armada Pérez na data 07/11/2023 10:27:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/11/2023 10:28:09

Raquel Arias Rodríguez na data 07/11/2023 10:28:22

Gómez Salgado, Carlos na data 07/11/2023 10:28:42

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 07/11/2023 10:28:54

Ángel Rodríguez Conde na data 07/11/2023 10:29:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre os danos ocasionados polas inundacións do río Tea e Miño nos concellos da Comarca do Condado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pasados días 4 e 5 de novembro producíronse episodios de intensas choivas que afectaron a moitos puntos de Galiza e que tiveron unha incidencia moi importante nos concellos polos que descorre o río Tea, o Miño e algúns regatos que desembocan nestes.

Como consecuencia destas fortes choivas producíronse considerables danos materiais tanto en propiedades privadas como en bens de titularidade pública. No caso dos bens públicos resultaron afectadas pontes, estradas, sendas, instalacións deportivas ou parques infantís, e producíronse danos en bens do patrimonio cultural de valor como a Ponte romana de Fillaboa en Salvaterra de Miño ou un ben simbólico como a varanda de pedra do Paseo de Troncoso, no concello de Mondariz Balneario. Estando afectada tamén a Senda do Tea que descorre por Mondariz, Mondariz Balneario e Pontearreas, onde as pontes e pasarelas de madeira, indicadores e valados foron arrastrados río abaixo. As veciñas e veciños podían identificar os restos do concello limítrofe.

Na análise dos danos débese ter en conta a situación dos ríos e das bacías fluviais, o abandono de actividades tradicionais, os cambios na ocupación e nos usos do solo ou a construción de edificacións, algunhas delas ilegais e outras de iniciativa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pública, en zonas potencialmente inundables. Todas estas cuestións deben ser avaliadas e estudadas co obxecto de previr no futuro situacións de emerxencia e riscos para bens e persoas.

Debemos ter en conta que moitos dos municipios afectados nas Comarcas Condado-Paradanta-Louriña aínda non foron quen de recuperar a maioría das infraestruturas e instalacións xa que non recibiron un só céntimo de axudas por parte das Administracións Públicas. O goberno da Xunta mirou cara outro lado e nin se dignou a ter visitado as zonas asolagadas nin no Nadal nin agora e a Deputación sacou unha liña de axudas tan só para os Concellos máis pequenos, quedando vilas como Ponteareas sen recursos de ningún tipo para enfrontar as obras de recuperación necesarias de servizos básicos para a veciñanza que quedaron arrasados.

En relación coas consecuencias deste asolagamento de primeiros de novembro, na maior parte dos casos afectaron a bens de titularidade municipal e son os concellos quen están a facer a avaliación dos danos e a reparación dos mesmos estes días, na espera de que os niveis de ríos e regatos se normalicen.

Mais está claro que os concellos non teñen medios nin capacidade económica para asumir os elevados custos das obras que hai que levar a cabo e que están sendo avaliados. Nunha situación de emerxencia como estas inundacións recorrentes (levamos na Comarca 5 en menos dun ano), o goberno galego debe exercer as súas competencias e asumir o liderado na resposta e prevención cara ao futuro, con actuacións do seguinte tipo:

-Presenza no territorio e comunicación directa coas alcaldías para coñecer o alcance dos danos, colaborar na avaliación dos mesmos e analizar as medidas para reparalos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coordinación coa FEGAMP para a avaliación global dos danos e o establecemento de axudas económicas aos concellos afectados.

-Demanda de colaboración a outras administracións, nomeadamente ao goberno central, mediante a dotación dun fondo extraordinario para facer fronte aos danos.

-Establecemento de medidas preventivas en relación con posíbeis episodios de choivas cada vez máis recorrentes en períodos máis curtos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Que actuacións levou a cabo a Xunta en relación cos danos provocados polas riadas do 4 e 5 de novembro nos concellos das Comarcas do Condado-Paradanta-Louriña?

-Por que razón ningún membro do goberno galego recoñeceu a zona nos días seguintes para avaliar a situación de emerxencia que se produciu nesas datas?

-Ten previsto o goberno galego coordinarse coa FEGAMP para colaborar na avaliación dos danos provocados polo desbordamento de ríos e para estudar as medidas para reparalos?

- Vai a Xunta crear un fondo económico para colaborar cos concellos na reparación dos danos das riadas en infraestruturas e bens públicos?

- Vai o goberno galego aprobar un plan de protección, conservación e restauración de bens culturais afectados polas riadas?

- Dirixiuse a Xunta a outras administracións, como as deputacións e goberno central, para demandar a súa colaboración e coordinar a axuda aos concellos afectados polo desbordamento dos ríos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Contactaron coa CHMS para fixar aquelas accións no río Tea e afluentes que melloren a situación das zonas afectadas?

- Encargarán un estudo que valore as distintas alternativas para trasladar as vivendas e propiedades privadas, así como as instalacións de servizos públicos existentes na zona afectada?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 07/11/2023 10:40:27

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2023 10:42:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Diego Lourenzo Moura e Carmen Aira Díaz, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de outubro de 2020 publicouse a Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de Axudas Temporais e Excepcionais aos Sectores Agrarios máis Desfavorecidos polos efectos da Covid 19.

Estas axudas viñan cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Na devandita Orde, no seu artigo 6, apdo. 4 establecíase, de xeito arbitrario, coma condición para ter acceso a estas axudas que a explotación tivese máis de 10 vacas nutrices.

Este despropósito bloqueaba o acceso a estas axudas a máis de 10.000 pequenas explotacións galegas de carne, máis da metade das que hai en activo.

Esta arbitrariedade súmase ás medidas políticas do PP en contra das medianas e pequenas granxas familiares diga o que diga a literatura propagandística con que as visten inzada de loas á sostibilidade, respecto medioambiental e carácter social.

Mentira.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque medidas coma esta suman activos dabondo para incitar ao peche da actividade agraria e gandeira e apuntan a un abandono “orientado” para promocionar a entrada de capital e macroexplotacións que nada van aportar á xestión do territorio nin a un desenvolvemento sostible da actividade agrogandeira.

As organizacións agrarias puxeron o grito no ceo e o SLG púxoo nos tribunais que fallaron a favor dos gandeiros e en contra da medida condenando á Xunta a rectificar. Houbo recurso que novamente fallaron no mesmo sentido.

Pero o tempo pasou e pasa sen que nada se saiba. A Consellería de Medio Rural deixa pasar o tempo, non dá cumprimento á sentenza e burla a razón e a xustiza.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

--Que pensa facer o goberno galego para dar cumprimento á sentenza do TSXG ao contencioso-administrativo interposto polo SLG contra da Orde pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais aos sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19 de 28 de outubro de 2020 ?

--Cal foi a razón pola que se excluíron as granxas de menos de 10 vacas nutrices da cobertura da Orde de 28 de outubro de 2020 pola que se establecían as bases reguladoras da concesión de axudas temporais e excepcionais ós sectores agrarios máis desfavorecidos polos efectos da Covid 19 ?

--Existe algunha razón pola que a Xunta que goberna o PP se negue a dar cumprimento á sentenza do TSXG?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Vai continuar a Consellería de Medio Rural a discriminar as pequenas e medianas explotacións da cobertura de axudas diversas contravenindo as directrices marcadas desde a UE ?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/11/2023 10:58:41

Diego Lourenzo Moura na data 07/11/2023 11:00:01

María del Carmen Aira Díaz na data 07/11/2023 11:00:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de realizar as actuacións necesarias para evitar o risco de inundacións producidas como consecuencia das enchentes dos ríos Miñor e Zamáns, no Concello de Gondomar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo as previsións sobre os efectos do cambio climático provocado por mor da propia acción humana, os temporais con chuvias intensas van ser cada vez máis habituais. A maiores no caso de Gondomar, débese ter moi en conta a orografía, a influencia das mareas, a suba do nivel do mar e o aliviado da presa de Zamáns (Vigo); todos eles elementos aos que cómpre prestar moita atención de cara ao futuro, pois están na base das enchentes dos ríos Miñor e Zamáns, problema endémico nesta Vila. A iso, únense os efectos causados polo urbanismo na alteración das concas fluviais e o litoral, o que eleva o risco de inundacións.

En febreiro de 2021 a Xunta anunciaba a remisión ao Concello de Gondomar dun convenio de colaboración polo que ambas administracións asinaban un acordo en relación a un proxecto de obras destinadas a reducir ese constatado risco de inundacións. A administración galega asumiría o financiamento íntegro de todas as actuacións previstas, correspondéndolle ao Concello someter o proxecto a información pública, poñer a disposición os terreos necesarios e conseguir as autorizacións precisas, así como recibir as obras e asumir o seu mantemento e conservación posteriores.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Case un ano despois, en xaneiro de 2022, Augas de Galicia anunciaba a aprobación do proxecto de execución. Esa demora veu provocar que o goberno local non puidera tramitar a posta a disposición dos terreos afectados pola obra, xa que, ao non ser estes de titularidade municipal, era preceptiva a aprobación previa, atrasando aínda máis a posibilidade de inicio da actuación.

E non foi até novembro de 2022 que o Goberno galego procedeu á adxudicación das actuacións por un valor aproximado de 2,3 millóns de euros e cun prazo de execución de 12 meses.

As obras terían por obxecto contribuír á redución dun “risco potencial significativo de inundación” das concas dos ríos Miñor e Zamáns mediante unha actuación que se executaría no marco do citado convenio de colaboración co Concello de Gondomar, nun proxecto cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) da Unión Europea (UE), no marco operativo Feder Galicia 2014-2020.

Unha vez adxudicado, primeiro anunciaron que comezarían a primeiros de 2023, logo que antes do verán e, posteriormente, no mes de xullo volven anunciar o inicio das obras neste caso para o outono. O caso é que entramos en plena época de chuvias e a obra segue sen se iniciar.

Para a veciñanza de Gondomar, logo dos efectos dos desbordamentos producidos os días 19 e 24 de decembro de 2022 (Noiteboa) e 1 de xaneiro de 2023, constitúe unha irresponsabilidade o incumprimento reiterado por parte do goberno galego dos anuncios de inicio das obras destinadas a reducir o risco de inundacións. E, desde logo, é lamentable que este atraso estea provocado --segundo declaracións das propias administracións--, porque goberno galego e goberno local non dean acordado unha solución para canalizar o intenso tráfico que circula a diario pola rúa de Curros Enríquez, afectada polas obras no punto de confluencia dos ríos Miñor e Zamáns. Produce unha grande preocupación que, a estas alturas do ano, aínda non teñan claro cal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vai ser o plan de tráfico para o tempo de execución da obra e que, a xuízo do BNG, pasa por dar acceso libre e gratuíto á AG-57 para convertela nunha circunvalación de uso obrigatorio para todo o tráfico que non teña como destino a vila de Gondomar.

Por outro lado, e a respecto desas obras, Augas de Galicia debería despexar as dúbidas a respecto da idoneidade e efectividade das mesmas, sobre todo diante da preocupación mostrada pola veciñanza afectada polas inundacións que indica que, aínda que esas obras poden aliviar as inundacións no centro da Vila, se non se actúa na ponte de Mañufe e río abaixo, o caudal das crecidas verase incrementado no barrio da Ponte, con máis auga en menos tempo e con máis forza. Seguramente sería necesario o estudio e revisión e mellora, se for o caso, do proxecto do executivo galego para garantir que efectivamente sirva aos fins perseguidos, non produza efectos negativos e se asegure un óptimo uso dos cartos públicos.

Pero sobre todo é urxente que se poidan realizar as actuacións necesarias no menor tempo posible. Porque na madrugada do pasado 26 de outubro volveron desbordar os ríos e volveu haber estragos, asolagamentos de desagradables consecuencias e moito temor por quen xa viviu días difíciles. Crean indignación na veciñanza de Gondomar afectada polas inundacións as escusas e as acusacións cruzadas entre Xunta e Concello, sen que nin unha nin outro poñan en marcha as medidas urxentes no camiño de evitar, con todos os mecanismos posíbeis, que se produzan máis danos materiais e que se poidan dar peores consecuencias.

A maiores, e dado o efecto que pode producir a coincidencia do aliviado da presa de Zamáns cos momentos de maior crecida dos ríos, cómpre tamén que o Concello de Vigo se dote dun Plan de Emerxencia de Presa que, ademais de establecer as medidas a poñer en marcha nunha eventual situación de descarga masiva de auga que afectaría de pleno á Vila de Gondomar, regule tamén as descargas controladas con antelación aos momentos de maior nivel, tendo en conta as previsións meteorolóxicas,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de forma preventiva e sostida no tempo, para evitar que a descarga de seguridade se produza cando máis chove e canda preamar.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cando ten previsto o Goberno Galego comezar as actuacións necesarias para paliar o risco de inundacións no concello de Gondomar?

- Cal é o motivo polo que estas actuacións non se desenvolveron no prazo de execución indicado no contrato de execución?

- Non considera urxente o Goberno Galego actuar para evitar os danos provocados polas inundacións no concello de Gondomar?

- Ten o Goberno Galego previstas as posibles consecuencias das obras adxudicadas na parte baixa do río, concretamente no Barrio da Ponte?

- Que plan de tráfico ten previstas o Goberno Galego durante a execución das obras? Contempla o Goberno Galego dar acceso libre e gratuíto á AG-57, converténdoa en circunvalación de uso obrigatorio para todo o tráfico que non teña como destino a vila de Gondomar durante o tempo que duren as obras?

- É consciente o Goberno Galego do efecto que pode producir a coincidencia do aliviado da presa de Zamáns cos momentos de maior crecida dos ríos?

- Ten previsto o Goberno Galego demandar do Concello de Vigo a dotarse do obrigado Plan de emerxencia da presa de Zamáns, que aínda non o ten, que estableza as medidas a poñer en marcha nunha eventual situación de descarga masiva de auga que afectaría de pleno á Vila de Gondomar, de forma preventiva e sostida no tempo, para evitar que a descarga deregule tamén as descargas controladas con antelación aos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

momentos de maior nivel, tendo en conta as previsións meteorolóxicas, seguridade se produza cando máis chove e canda preamar?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 07/11/2023 12:51:00

Alexandra Fernández Gómez na data 07/11/2023 12:53:40

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2023 12:54:03



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela, Gonzalo Caballero Miguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A Universidade de Santiago conta entre as súas titulacións co Grao en Farmacia, que é unha titulación xa clásica e referente dentro da oferta universitaria de Galicia sendo unha titulación única en todo o territorio autonómico e tamén con moita referencia entre todo o noroeste de España. Historicamente a titulación en Farmacia, e a súa capacidade investigadora, son garantía dunha formación de calidade e dun alto nivel en I+D+i e na calidade académica dos seus cursos de doutorado e da súa formación investigadora.

Non en tanto, e a pesares da calidade exhibida durante todo este tempo, hai anos que o estado do edificio que albergaba a Facultade de Farmacia foi deteriorándose de maneira irremediable sen que o goberno de Galicia afrontara a necesidade de colaborar coa Universidade de Santiago para mantelo e recuperalo de maneira axeitada. Durante tempo, a proposta dunha nova facultade tiña todo o sentido e dende o goberno autonómico foise dando largas ao asunto ata que o edificio citado tivo que deixar de ser utilizado debido á súa situación.

Actualmente os investigadores das liñas vinculadas á farmacia atópanse noutros centros, como o Ciqus, e o alumnado ten que usar outros centros para a súa formación de grao, como as facultades de Relacións Laborais, de Dereito ou de Psicoloxía, entre outras, deslabazando a súa formación e perdendo as posibilidades que ofrece unha facultade propia.



A Universidade de Santiago, consciente da necesidade, atópase nunha situación na que precisa a implicación da Xunta de Galicia para afrontar un novo investimento para dotarse dunha nova facultade. A USC ten amosado a súa vontade e compromiso económico, mais é coñecido que é preciso un investimento autonómico para afrontar un coste tan relevante, que supón unha mellora para o conxunto do sistema universitario de Galicia e, por tanto, para o conxunto da sociedade galega.

Acerca desta situación, o Parlamento de Galicia tivo a oportunidade de servir para debate sobre esta cuestión, xa que dende o Grupo Socialista rexistrouse fai xa dous anos unha iniciativa que trasladaba preguntas ao Goberno autonómico sobre as previsións ante este problema (Pregunta escrita con número de rexistro 24711, de novembro de 2021). A pesares de ter un tempo aproximado dun mes para a resposta por parte do Goberno, dous anos despois non existe resposta emitida vulnerando o regulamento do Parlamento de Galicia e os dereitos dos deputados/as, sen que sexa coñecida ningunha reivindicación, queixa ou reclamación por parte da Presidencia. Este silencio amosa, con toda evidencia, que o Goberno autonómico non ten prevista ningunha resposta e ningunha proposta sobre un problema como o actual.

Os orzamentos autonómicos tampouco amosaron, sucesivamente durante os último anos, ningún compromiso sobre esta posibilidade para afrontar a necesaria construción dunha nova facultade de Farmacia non existindo partidas para formular esta oportunidade, e dende o goberno autonómico evidenciase unha resistencia a comprometerse con este avance.



Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o goberno da Xunta de Galicia a vontade de que se inicie a construción dunha nova facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela?
2. Que compromisos de prazos e orzamento pode asumir a Xunta de Galicia para a construción na necesaria nova facultade de Farmacia?
3. Por que non ten existido ningunha concreción e prazos e orzamentos para a construción da nova facultade de Farmacia?
4. Por que os orzamentos para 2024 da Xunta de Galicia non inclúe os fondos necesarios para avanzar nesta necesidade?

Santiago de Compostela, 7 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/11/2023 13:22:30

Noa Susana Díaz Varela na data 07/11/2023 13:22:40

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/11/2023 13:22:52

Marina Ortega Otero na data 07/11/2023 13:23:03



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela, Gonzalo Caballero Miguez e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Universidade de Santiago conta entre as súas titulacións co Grao en Farmacia, que é unha titulación xa clásica e referente dentro da oferta universitaria de Galicia sendo unha titulación única en todo o territorio autonómico e tamén con moita referencia entre todo o noroeste de España. Historicamente a titulación en Farmacia, e a súa capacidade investigadora, son garantía dunha formación de calidade e dun alto nivel en I+D+i e na calidade académica dos seus cursos de doutorado e da súa formación investigadora.

Non en tanto, e a pesares da calidade exhibida durante todo este tempo, hai anos que o estado do edificio que albergaba a Facultade de Farmacia foi deteriorándose de maneira irremediable sen que o goberno de Galicia afrontara a necesidade de colaborar coa Universidade de Santiago para mantelo e recuperalo de maneira axeitada. Durante tempo, a proposta dunha nova facultade tiña todo o sentido e dende o goberno autonómico foise dando largas ao asunto ata que o edificio citado tivo que deixar de ser utilizado debido á súa situación.

Actualmente os investigadores das liñas vinculadas á farmacia atópanse noutros centros, como o Ciqus, e o alumnado ten que usar outros centros para a súa formación de grao, como as facultades de Relacións Laborais, de Dereito ou de Psicoloxía, entre outras, deslabazando a súa formación e perdendo as posibilidades que ofrece unha facultade propia.



A Universidade de Santiago, consciente da necesidade, atópase nunha situación na que precisa a implicación da Xunta de Galicia para afrontar un novo investimento para dotarse dunha nova facultade. A USC ten amosado a súa vontade e compromiso económico, mais é coñecido que é preciso un investimento autonómico para afrontar un coste tan relevante, que supón unha mellora para o conxunto do sistema universitario de Galicia e, por tanto, para o conxunto da sociedade galega.

Acerca desta situación, o Parlamento de Galicia tivo a oportunidade de servir para debate sobre esta cuestión, xa que dende o Grupo Socialista rexistrouse fai xa dous anos unha iniciativa que trasladaba preguntas ao Goberno autonómico sobre as previsións ante este problema (Pregunta escrita con número de rexistro 24711, de novembro de 2021). A pesares de ter un tempo aproximado dun mes para a resposta por parte do Goberno, dous anos despois non existe resposta emitida vulnerando o regulamento do Parlamento de Galicia e os dereitos dos deputados/as, sen que sexa coñecida ningunha reivindicación, queixa ou reclamación por parte da Presidencia. Este silencio amosa, con toda evidencia, que o Goberno autonómico non ten prevista ningunha resposta e ningunha proposta sobre un problema como o actual.

Os orzamentos autonómicos tampouco amosaron, sucesivamente durante os último anos, ningún compromiso sobre esta posibilidade para afrontar a necesaria construción dunha nova facultade de Farmacia non existindo partidas para formular esta oportunidade, e dende o goberno autonómico evidenciase unha resistencia a comprometerse con este avance.



Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o goberno da Xunta de Galicia a vontade de que se inicie a construción dunha nova facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela?
2. Que compromisos de prazos e orzamento pode asumir a Xunta de Galicia para a construción na necesaria nova facultade de Farmacia?
3. Por que non ten existido ningunha concreción e prazos e orzamentos para a construción da nova facultade de Farmacia?
4. Por que os orzamentos para 2024 da Xunta de Galicia non inclúe os fondos necesarios para avanzar nesta necesidade?

Santiago de Compostela, 7 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 07/11/2023 13:23:31

Noa Susana Díaz Varela na data 07/11/2023 13:23:41

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/11/2023 13:23:54





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2023 13:33:54
Nº Rexistro: 61933
Data envío: 07/11/2023 13:33:54.318

Marina Ortega Otero na data 07/11/2023 13:24:06

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
227870

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, Guadalupe Murillo Solís, Ramón Carballo Páez, Rosalía López Sánchez, Jesús Miguel Prado Patiño, Moisés Blanco Paradelo e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta oral en Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

A TVG é unha referencia entre as canles que integran a federación das televisións autonómicas tanto polas súas cifras de audiencia como polo seu papel institucional e o cumprimento da súa misión de servizo público. A TVG acada cotas de pantalla no total día e no *prime time* que confirman este papel como un dos motores da FORTA.

A Televisión de Galicia leva máis dun ano con datos de audiencia por riba dos dous díxitos, segundo sinalan os informes da empresa de medición de audiencias Kantar Media.

A canle galega rexistrou os mellores datos nun mes de outubro, cunha cota de pantalla de 10,8 no total do día e de 10,9 no *prime time*. Os seus servizos informativos seguen a ser a referencia en Galicia, cunha cota do 18,3 na franxa do mediodía, de 13:30 a 15:30, cando se emiten os programas *Galicia Noticias* e o *Telexornal Mediodía*.

No pasado verán, a TVG tivo os mellores resultados desde 2009, cunha cota do 11,7 no total día. No *prime time*, foi do 12,6. Chegou a máis de 2 millóns de espectadores, o 79,4 % dos galegos de catro e máis anos.





No que vai de 2023, a cota da TVG no total día é de 11,1. O mellor dato desde hai máis dunha década.

A TVG acada estes resultados cunha situación económica saneada, pechando con superávit, con orzamentos moi afastados das cifras multimillonarias que manexan outros operadores e plataformas audiovisuais.

Ante estes datos, os deputados e deputadas formulamos as seguintes preguntas:

Cal é o custo por punto de share da Televisión de Galicia?

Que balance fai das cifras de audiencia de 2023?

Cal é a posición dos informativos en relación cos das outras canles?

Santiago de Compostela, 7 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Carmen María Pomar Tojo na data 07/11/2023 14:01:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Guadalupe Murillo Solís na data 07/11/2023 14:02:13

Ramón Carballo Páez na data 07/11/2023 14:02:33

López Sánchez, Rosalía na data 07/11/2023 14:02:48

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 07/11/2023 14:02:58

Moisés Blanco Paradelo na data 07/11/2023 14:03:18

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 07/11/2023 14:03:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o prezo das residencias públicas en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A conxuntura socioeconómica na Galiza está a ser preocupante. A pesar da melloría da taxa AROPE, en 2022 máis de 636.000 persoas residentes en Galiza estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social, o que supón o 23,6% da poboación nesta situación.

O indicador de Privación Material e Social Severa, de cálculo mais recente, é preocupante porque por unha banda reflicte xa o impacto da crise motivada pola inflación, o encarecemento dos combustibles e especialmente as dificultades de acceso á vivenda, pero pola outra detecta tamén o relaxamento da medidas de loita conta a pobreza e exclusión social, como a Tarxeta Básica. Neste sentido, vemos como se incrementa a poboación que experimenta dificultades para chegar a fin de mes, chegando ao 44,3%.

Mais cómpre ter presentes outras variables, coma a situación das persoas que perciben unha pensión, pois o 47,4% delas recibe unha prestación cun importe inferior ao mínimo considerado para non ser pobre (721€/mes), situación agravada para as persoas cunha pensión de viuvez, mulleres na súa maioría, o 60,5% das cales teñen un importe inferior ao limiar de pobreza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pesar desta conxuntura, existen casos nos que estas pensións son o principal sustento económico dunha unidade familiar, polo que a súa diminución ten repercusións máis alá das persoas preceptoras. Neste senso, o ingreso nunha residencia de persoas maiores e/ou con discapacidade supón que unha porcentaxe destas prestacións será requirida como pagamento. Mais a porcentaxe é calculada sobre os ingresos destas persoas usuarias, sen ter en conta a situación completa do fogar, o que pode provocar situacións moi complexas nos casos nos que as persoas preceptoras do principal sustento ingresa nunha residencia, podendo ficar as demais conviventes nunha situación de vulnerabilidade pola diminución dos ingresos económicos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Ten coñecemento o goberno galego da situación que se pode xerar nos fogares nos que as persoas que son o principal sustento económico ingresan nunha residencia para persoas maiores e/ou con discapacidade?
- Considera algunha reforma para determinar as contías que deben aboar as persoas que ingresan nunha residencia de xeito que se teña en conta a unidade familiar?
- Cales son as medidas que ten previstas o goberno galego para mellorar a situación económica dos fogares galegos, en particular, das persoas pensionistas galegas?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 07/11/2023 17:16:23

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2023 17:17:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno do Estado, baseado nun ditame do Consello do Estado, contra a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e ao mesmo tempo suspende a aplicación do 40 % da norma.

Pensamos que é hora de que o Goberno galego recapacite e volva á senda do diálogo e á busca de solucións, garantindo a viabilidade e a seguridade xurídica da cadea mar-industria, do resto das empresas e traballadores así como para o conxunto dos galegos e galegas. É o momento de pensar no ben común da cidadanía galega e non na confrontación entre administracións.

Estamos de acordo en que a competencia sobre ordenación e xestión do litoral ten que vir para Galicia. A diferenza do que fixo o PP e a Xunta de Galicia, nós levamos demandando este traspaso dende a época do presidente Touriño. A Xunta empezou a reclamar esta competencia hai uns meses pero sorprende que durante 7 anos en que coincidiron gobernos do PP no Estado e en Galicia, este asunto non estivese sobre a mesa nin se tivese feito ningunha reclamación ao respecto por parte da Xunta de Galicia.

Dámoslle a benvinda a esta petición de transferencia pero emprazamos ao PP e á Xunta de Galicia a volver ao diálogo, á cordura e ao sentidiño para facer ben as cousas e garantir a seguridade xurídica. É preciso que a Xunta de Galicia se



sente a falar co Goberno central porque hai unha vía rápida, legal e segura para obter esa transferencia da ordenación do litoral.

A Xunta de Galicia debe de respectar a legalidade e negociar co Goberno de España para reclamar as competencias de modo correcto, para que dea os seus froitos como noutras comunidades.

A vía da unilateralidade tomada pola Xunta é unha mostra máis de que en realidade non lle importan nada as competencias. O único que parecen buscar con esta actitude é forzar unha confrontación co Goberno centrais quecéndose de defender os intereses de Galicia e dotar de seguridade xurídica a cadea mar-industria. Este comportamento é populista e irresponsable e provoca unha grave inseguridade xurídica que acaba pagando a cidadanía galega.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. En vista da admisión a trámite do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central fronte á Lei 4/2023, de 6 de xullo, non pensa a Goberno galego que é hora de se sentar co Goberno central para buscar solucións, dentro do marco xurídico, para acadar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do litoral de Galicia?
2. Quere realmente o Goberno galego esta transferencia?
3. En vista da admisión a trámite deste recurso de inconstitucionalidade e sabendo que a resolución pode alongarse no tempo, e se realmente queren esta transferencia, non cre o Goberno galego que merece a pena explorar unha vía máis rápida, legal e segura para acadar esa transferencia?



4. Cales son os motivos polos que a Xunta se nega a dialogar co Goberno de España, dentro do marco xurídico, de cara a acadar esa transferencia sobre o litoral galego?

5. Non cre a Xunta de Galicia que a cadea mar-industria se merece que as administracións se esforcen para atopar unha solución para transferir esa competencia de cara a outorgarlle seguridade xurídica?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/11/2023 19:40:55

Eduardo Ojea Arias na data 07/11/2023 19:41:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 8ª**.

O Tribunal Constitucional vén de admitir a trámite o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno do Estado, baseado nun ditame do Consello do Estado, contra a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, e ao mesmo tempo suspende a aplicación do 40 % da norma.

Pensamos que é hora de que o Goberno galego recapacite e volva á senda do diálogo e á busca de solucións, garantindo a viabilidade e a seguridade xurídica da cadea mar-industria, do resto das empresas e traballadores así como para o conxunto dos galegos e galegas. É o momento de pensar no ben común da cidadanía galega e non na confrontación entre administracións.

Estamos de acordo en que a competencia sobre ordenación e xestión do litoral ten que vir para Galicia. A diferenza do que fixo o PP e a Xunta de Galicia, nós levamos demandando este traspaso dende a época do presidente Touriño. A Xunta empezou a reclamar esta competencia hai uns meses pero sorprende que durante 7 anos en que coincidiron gobernos do PP no Estado e en Galicia, este asunto non estivese sobre a mesa nin se tivese feito ningunha reclamación ao respecto por parte da Xunta de Galicia.

Dámoslle a benvinda a esta petición de transferencia pero emprazamos ao PP e á Xunta de Galicia a volver ao diálogo, á cordura e ao sentidiño para facer ben as cousas e garantir a seguridade xurídica. É preciso que a Xunta de Galicia se



sente a falar co Goberno central porque hai unha vía rápida, legal e segura para obter esa transferencia da ordenación do litoral.

A Xunta de Galicia debe de respectar a legalidade e negociar co Goberno de España para reclamar as competencias de modo correcto, para que dea os seus froitos como noutras comunidades.

A vía da unilateralidade tomada pola Xunta é unha mostra máis de que en realidade non lle importan nada as competencias. O único que parecen buscar con esta actitude é forzar unha confrontación co Goberno centrais quecéndose de defender os intereses de Galicia e dotar de seguridade xurídica a cadea mar-industria. Este comportamento é populista e irresponsable e provoca unha grave inseguridade xurídica que acaba pagando a cidadanía galega.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. En vista da admisión a trámite do recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno central fronte á Lei 4/2023, de 6 de xullo, non pensa a Goberno galego que é hora de se sentar co Goberno central para buscar solucións, dentro do marco xurídico, para acadar a transferencia da competencia sobre a ordenación e xestión do litoral de Galicia?
2. Quere realmente o Goberno galego esta transferencia?
3. En vista da admisión a trámite deste recurso de inconstitucionalidade e sabendo que a resolución pode alongarse no tempo, e se realmente queren esta transferencia, non cre o Goberno galego que merece a pena explorar unha vía máis rápida, legal e segura para acadar esa transferencia?



Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Susana López Abella, Fernando Pérez Domínguez e Borja Vereas Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pasado sábado 4 de novembro de 2023 a compañía Air Nostrum denegou o embarque a preto de 80 pasaxeiros para dar cobertura aos integrantes dun equipo de fútbol, incumprindo as obrigas establecidas no Regulamento (CE) nº 261/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, polo que se establecen normas comúns sobre compensación e asistencia aos pasaxeiros aéreos no caso de denegación de embarque e de cancelación ou gran atraso dos voos.

Estas obrigas serían:

1. Dar prioridade a persoas con mobilidade reducida e aos seus acompañantes ou cans de acompañamento certificados, así como dos menores non acompañados.
2. Solicitar persoas voluntarias a renunciar ás súas reservas.
3. Informar, mediante formularios ou documentos adaptados a persoas con discapacidade da situación, dos dereitos dos pasaxeiros á asistencia e a unha compensación, así como das formas para presentar unha reclamación.

O mesmo Regulamento (CE) nº 261/2004 recoñece o dereito a unha compensación económica por importe de 250€, 400€ ou 600€ dependendo das distancias do voo afectado, así como o dereito a asistencia (comida e refrescos) e o dereito ao reembolso

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



4. Cales son os motivos polos que a Xunta se nega a dialogar co Goberno de España, dentro do marco xurídico, de cara a acadar esa transferencia sobre o litoral galego?

5. Non cre a Xunta de Galicia que a cadea mar-industria se merece que as administracións se esforcen para atopar unha solución para transferir esa competencia de cara a outorgarlle seguridade xurídica?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/11/2023 19:42:11

Julio Torrado Quintela na data 07/11/2023 19:42:26





do billete ou transporte alternativo (incluíndo necesidades de aloxamento e transporte en tanto non se faga efectivo).

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que accións vai a realizar a Xunta de Galicia en defensa das persoas afectadas pola decisión da compañía aérea Air Nostrum o pasado sábado no aeroporto de Peinador?

Santiago de Compostela, 7 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Rodríguez Pérez, Moisés na data 07/11/2023 19:56:50

José Antonio Armada Pérez na data 07/11/2023 19:57:06

Cristina Sanz Arias na data 07/11/2023 19:57:20

Moisés Blanco Paradelo na data 07/11/2023 19:57:36

Susana López Abella na data 07/11/2023 19:57:47

Fernando Pérez Domínguez na data 07/11/2023 19:57:57

Borja Vereza Fraiz na data 07/11/2023 19:58:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, María Leticia Gallego Sanromán, Martín Seco García e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 6ª**.

En decembro do ano pasado levabamos unha pregunta á Comisión de Industria deste Parlamento relativo aos prazos que manexaba a Xunta de Galicia relativos ao proxecto de ampliación da balsa de lodos vermellos da planta de alúmina de Alcoa.

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia dicíanos daquela que estaban á espera dun informe técnico sobre o proxecto para ver se era viable técnica e ambientalmente e así poder autorizar esta ampliación. Trasládaba o director xeral que contaban ter ese informe listo no prazo “dunhas semanas”.

Daquela xa lle pediamos ao Goberno galego que non abandonara esta actuación fundamental para a continuidade de Alcoa, para que a planta de alúmina poida seguir funcionando. Iso si, concordamos e pedimos todas as garantías para esta autorización de ampliación da balsa de lodos vermellos de Alcoa en Morás, con toda total seguridade e con todas as cautelas.

O tempo pasa e nada sabemos desta autorización, e incluso o propio Comité de Empresa de Alcoa ten amosado a inquietude polo atraso do permiso para ampliar a balsa de lodos vermellos.

Por iso, preguntamos novamente:



Que prazos manexa a Xunta de Galicia para dar a autorización de ampliación da balsa de lodos vermellos da planta de Alúmina de Alcoa?

Parlamento de Galicia, 7 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 07/11/2023 18:33:18

María Leticia Gallego Sanromán na data 07/11/2023 18:33:28

Martín Seco García na data 07/11/2023 18:33:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/11/2023 18:33:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Diego Lourenzo Moura, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Lugo é unha provincia eminentemente rural, a cabana bovina é a máis numerosa do país e ten un peso no estado moi importante por número e por nivel de produción. Sendo Galiza sufridora da falta de Superficie Agraria Útil precisa importar unha parte moi importante dos insumos o que a fai fráxil ante situacións críticas como as que se levan vivindo ao longo deste século, que poden levar a imposibilidade de conseguilos no mercado, ben por falta de tráfico transatlántico, folgas no transporte, guerras, perda de colleitas, etc. Por todo isto o incremento da SAU é tan urxente como lograr que a superficie que temos non perda capacidade produtiva.

Na provincia de Lugo vimos sufrindo a praga da rata-toupa que ataca pradeiras da montaña provocando perdas na produción de pastos e forraxeira de moita importancia, polo que o servizo de sanidade vexetal da Xunta de Galiza está destinando importantes esforzos non intento de manter a esta especie controlada para que non se estenda por pasteiros de menor altitude.

A esta praga este ano sumóuselle o denominado “verme soldado” de nome científico “*Mythimna unipuncta*”, (que ben é verdade que afecta a máis lugares do país fóra da provincia de Lugo pero con menos carga gandeira e menos agresións previas aos pastos), que recorre a provincia de norte a sul, parando polo de agora no concello da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pastoriza, concello que ten unha notoria carga gandeira. O Goberno da Xunta non estableceu ningunha medida específica porque non o considerou unha praga, senón que o achacou a un Outono extremadamente cálido e que co enfriamento das temperaturas presumiblemente acabárase o problema.

O feito é que os danos que aconteceron nos pastos foron moi importantes, a maioría deles devastados na súa totalidade, noutros nun 80%, xa que o incremento da capacidade reprodutiva desta especie motivou que nun metro cadrado chegara a haber uns 50 vermes ou máis, nin as vacas pisando nin os corvos comendo fixeron que mingudara a poboación de vermes.

Os danos foron moi importantes e afectan, sobre todo, á gandería extensiva dedicada á produción cárnica e á de leite de pastoreo, nos cultivos de millo non se pode ver tanto a incidencia debido a que os millo estaba recén recollido e as leiras roturadas. Estes danos víronse agravados por non haber ningún produto fitosanitario autorizado para botar sobre o pasto o cal permitiu que se reproduciran ao calor do outono.

A estas alturas chegou a diminución de temperaturas, a potencialidade reprodutiva da especie está anulada, algúns dos vermes morrerían, outros terán pasado a pupa para hibernar e logo na primavera converterse en avelaíñas para volver comezar o ciclo.

O próximo ano descoñecemos como se desenvolverá o clima, pero o que si temos seguro é que o máis probable é que haxa máis individuos sobreviventes que outros anos e que se poida converter en praga, ou que sen selo volvan afectar de novo aos mesmos pastos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Van proceder á avaliación de danos nas zonas afectadas por esta especie?

Van establecer algunha exención á hora de avaliar o grao de cumprimento das exixencias da PAC a respecto das agroambientais no referido á prohibición de uso de produtos de fitosanitarios para evitar que as e os produtores sufran perdas económicas engadidas?

Consideran establecer algunha liña de axudas que sirva de apoio no caso de grave afectación de determinados pastos?

Van tratar co Ministerio a legalización de certos produtos para a loita química e/ou biolóxica contra esta especie de ser preciso?

Van vostedes artellar mecanismos de control que avisen doutro potencial ataque para o ano co fin de previr novos danos aos pastos por causa das larvas desta aveláña?

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/11/2023 11:07:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/11/2023 11:42:32

Diego Lourenzo Moura na data 08/11/2023 11:43:07



Á Mesa do Parlamento

María Susana López Abella, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, e en colaboración coas consellerías de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a de Sanidade, promove a cuarta edición da campaña Come Local para promocionar nos comedores escolares de toda Galicia os produtos galegos de proximidade e con indicativo de calidade - denominacións de orixe protexidas, indicacións xeográficas protexidas e ecolóxicos de proximidade -.

O comedor escolar é unha oportunidade para que os nenos adquiran hábitos alimentarios saudables e unha forma de alimentación e nutrición óptima durante toda a súa vida.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, creemos que os comedores escolares deben fomentar a educación nutricional entre a rapazada para que aprendan a tomar decisións informadas sobre a súa alimentación a medida que van crescendo e adopten bos hábitos alimentarios.

Dende a Axencia están levando a cabo visitas a centros participantes nesta campaña, coa finalidade de comprobar cales son as súas dinámicas de xestión e as súas debilidades co fin de planificar de xeito preciso cal será a intervención máis axeitada para cada un dos comedores.

A través de Come Local, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria achegará aos comedores produtos galegos con certificado de calidade para que os nenos e nenas poidan degustalos e así comprobar a súa calidade con orixe en Galicia e cunha





trazabilidade garantida, coa intención de que os proben para incorporalos nas cociñas poñéndooos en contacto con produtores da zona que o subministren.

Ademais, levaranse a cabo accións formativas e de asesoramento tanto cos estudantes, aos que se formará en educación alimentaria, especialmente sobre as froitas e verduras que Galicia ten en cada tempada. Coma ao persoal dos comedores que recibirá diversas formacións e asesorías en materia de etiquetado alimentario ou seguridade alimentaria, entre outras.

Esta campaña está aliñada cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Organización das Nacións Unidas, xa que é necesario seguir avanzando cara unha sociedade concienciada no coidado e a protección do planeta, e adoptar prácticas sostibles en toda a cadea de produción e consumo, apostando polos provedores de proximidade.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que tipo de centros poden adherirse a esta campaña?
2. Cal é a valoración que fai a Axencia Galega de Calidade Alimentaria deste programa posto en marcha nos comedores escolares?
3. En que consistirá a planificación das accións formativas?

Santiago de Compostela, 8 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Susana López Abella na data 08/11/2023 18:24:13

José Antonio Armada Pérez na data 08/11/2023 18:24:23

Raquel Arias Rodríguez na data 08/11/2023 18:24:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/11/2023 18:25:24

Ángel Rodríguez Conde na data 08/11/2023 18:25:39

Gómez Salgado, Carlos na data 08/11/2023 18:25:51

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 08/11/2023 18:26:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

María Susana López Abella, José Antonio Armada Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jesús Miguel Prado Patiño e Ángel Rodríguez Conde, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

O Consello da Xunta do 26 de Outubro aprobou unha nova convocatoria de achegas para este 2023 para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014- 2020.

O obxectivo destas subvencións, que están destinadas ás cooperativas agropecuarias, é mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización, co fin de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola.

Ademais, tamén busca reducir as emisións dos gases efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura. Está dirixida a cooperativas agrarias, que poderán financiar todo tipo de instalacións e investimentos de uso común, tanto de reforma como de nova construción, pero que supoñan unha redución dos custos de produción ou incrementen a súa produtividade. Tamén son subvencionables cuestións como a compra de terreo, os honorarios técnicos ou as licenzas.

Cabe destacar, unha serie de accións positivas para favorecer a incorporación e o apoio ás mulleres rurais.

As políticas da Xunta a prol do rural galego son representativas da presenza da muller neste ámbito. Destacamos as axudas do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia cunha prioridade nos criterios de valoración para a concesión das achegas. Unhas axudas destinadas a apoiar os investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas agrícolas por parte de xente moza, ou para o desenvolvemento de pequenas explotacións.





Actualmente a presenza da muller galega á fronte de explotacións agrogandeiras, é maioritaria, xa que o número das titulares na nosa comunidade supera o 50 %, moi por riba do 22,6 % da media nacional.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que con axudas como estas, materialízase o compromiso decidido da Xunta de Galicia en prol do asociacionismo das explotacións agrarias, para facilitar o seu acceso á produción e a modernización dos procesos inherentes ao sector e dende unha perspectiva de xénero.

Neste sentido, refórzase o asociacionismo como compoñente esencial nunha agricultura competitiva, sustentable e orientada ao mercado global.

Por todo Isto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1. Cal é a valoración que fai a Consellería do Medio Rural a respecto do impacto de estas axudas no período de referencia, 2014-2020?
2. Respecto da presenza das mulleres o fronte das explotacións agrogandeiras e ou cooperativas, cal é a valoración que fai a Consellería de Medio Rural? Cal é a evolución nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 07 de novembro 2023.

Asinado dixitalmente por:

Susana López Abella na data 08/11/2023 18:37:45

José Antonio Armada Pérez na data 08/11/2023 18:38:04

Ángel Rodríguez Conde na data 08/11/2023 18:38:21

Gómez Salgado, Carlos na data 08/11/2023 18:38:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Prado Patiño, Jesús Miguel na data 08/11/2023 18:38:47

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/11/2023 18:39:03

Raquel Arias Rodríguez na data 08/11/2023 18:39:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Fundación Amancio Ortega entregou o pasado día 24 de outubro á Xunta de Galicia a nova residencia da terceira idade cuxa construción está a rematar en Pontevedra.

No acto de entrega das chaves o presidente Rueda non quixo aclarar algunhas cuestións relativas ao funcionamento da mesma coma por exemplo se ía a ser de xestión pública ou privada.

Tampouco aclarou aspectos coma as datas de remate e posta en funcionamento ou as dotacións coas que vai contar este centro.

Estamos a falar dunha residencia de máis de 5.000 metros cadrados que conta con 120 prazas para maiores repartidas en 42 habitacións dobres e 36 individuais.

Pontevedra unicamente conta coa residencia de Campolongo de xestión pública que ten un número de prazas claramente insuficiente para asumir a demanda existente neste municipio e nos concellos limítrofes.

Dende o Grupo Socialista defendemos o dereito das persoas maiores a recibir unha atención social pública e de calidade, polo que sostemos a necesidade de crear unha rede de residencias públicas tanto de titularidade coma de xestión que poida atender as demandas dunha poboación cada vez máis envellecida.



É por iso polo que solicitamos ao goberno da Xunta de Galicia que determine a xestión pública directa da residencia de A Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Vai o Goberno galego asumir o compromiso da xestión pública directa da residencia de A Eiriña en Pontevedra e, polo tanto, que o seu persoal pertenza á Xunta de Galicia e teña a condición de empregado público?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 09/11/2023 10:09:38

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 10:09:50





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 10:14:12
Nº Rexistro: 62049
Data envío: 09/11/2023 10:14:12.854

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2023 10:10:01

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
227899

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Eduardo Ojea Arias, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2ª**.

A semana pasada o Consello de Contas deu traslado ao Parlamento de Galicia de dous informes de fiscalización, un relativo a “Eficiencia da colaboración público privada na execución de 5 autovías competencia da Xunta de Galicia” e outro relativo ao “Programa de ordenación e inspección do transporte”, que veñen a ser unha emenda á totalidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

O Consello de Contas analiza 5 autovías Santiago-Brión, O Salnés, A Barbanza, Celanova e a Costa da Morte. As 4 primeiras con modalidade de peaxe en sombra e a última a da Costa da Morte con canon de dispoñibilidade.

No ano 2014 as concesionarias do Salnés, Barbanza e Celanova solicitan á Xunta o reequilibrio das concesións, ante a baixada do tráfico estimado. Todas as empresas que resultaron adxudicatarias dos concursos presentaron ofertas con importantes baixas económicas (arredor do 25 %). Os feitos posteriores, di o Consello de Contas, amosaron os erros de previsións nas ofertas dos concesionarios, por excesivamente optimistas no tráfico estimado, o que pode agochar un compoñente estratéxico por parte destas empresas co obxectivo de resultaren gañadoras do concurso para posteriormente, como finalmente aconteceu, renegociaren os contratos incrementando as tarifas pagadas pola Administración.



As concesionarias solicitaron ese recálculo das concesións no ano 2014. Os propios pregos de condicións, ante esa caída da demanda, excluían expresamente que os concesionarios puideran reclamarlle á Administración compensacións polo feito de que a evolución real do tráfico difira das previsións.

A Xunta de Galicia ante a solicitude do reequilibrio económico solicitado polas concesionarias, aceptou automaticamente ese recálculo, saíndo en auxilio das concesionarias, e sen valorar outros escenarios, e para iso tivo que introducir vía Lei de orzamentos de 2024, unha Disposición Adicional que permitía a Axencia Galega de Infraestruturas para a realización de reequilibrios en caso de alteración imprevisible e extraordinaria no tráfico da autovía.

Por tanto, a Xunta de Galicia modificou, a metade do partido e de xeito unilateral as regras do xogo, xa que non estaba permitido ese reequilibrio nos pregos de condicións. Isto supuxo un incremento de 205ME en pagos ás empresas.

E a Xunta accedeu automaticamente á petición das concesionarias sen valorar outras posibilidades, xa que a Xunta non estaba obrigada a aceptar a solicitude do recálculo do canon proposto polas concesionarias. A Xunta non valorou a posibilidade de rescindir eses contratos asinados, e volvelos a sacar a licitación, ou no seu caso executalos con medios propios. A pesar de que esta forma de proceder, a de rescindir os contratos, estaba avalada polo TS. A rescisión anticipada dos contratos, que nin sequera foi valorada pola Xunta, era a alternativa máis eficiente e máis vantaxosa economicamente falando, e así o di o Consello de Contas.



O reequilibrio destes contratos no 2014 pola caída de ingresos e de tráfico foi asumido polos orzamentos da Xunta e non polas empresas concesionarias. Calcular mal ese reequilibrio por parte da Xunta fai que teñamos que soportar un custe de 44 ME.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta de Galicia atender a recomendación feita polo Consello de Contas relativa á revisión dos incrementos das tarifas aprobados nos reequilibrios económicos e reducir dende agora ata 2032 a súa contía ata o estritamente indispensable para asegurar a viabilidade financeira dos contratos?
2. Por que a Xunta de Galicia no ano 2014 nin sequera valorou a posibilidade de rescindir eses contratos e volvelos a sacar a licitación?
3. En vista dos datos ofrecidos polo informe do Consello de Contas segue a pensar a Xunta de Galicia que ter autorizado automaticamente eses reequilibrios económicos solicitados polas concesionarias, sen analizar e valorar outras opcións, foi o mellor para as galegas e os galegos?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 11:28:00





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 11:36:03
Nº Rexistro: 62053
Data envío: 09/11/2023 11:36:03,494

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 11:28:11

Pablo Arangüena Fernández na data 09/11/2023 11:28:19

Paloma Castro Rey na data 09/11/2023 11:28:34

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
227903

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputada e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

A semana pasada o Consello de Contas deu traslado ao Parlamento de Galicia de dous informes de fiscalización, un relativo a “eficiencia da colaboración público privada na execución de 5 autovías competencia da Xunta de Galicia” e outro relativo ao “programa de ordenación e inspección do transporte”, que veñen a ser unha emenda á totalidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Dende o PSdeG levamos toda a lexislatura denunciando o mal funcionamento do Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia, que non dá cobertura ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega, nomeadamente no rural.

O informe de fiscalización do Consello de Contas céntrase en catro aspectos:

a) Abdicación das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados.

Nos pregos establécese que as concesionarias están obrigadas a ingresar o canon pola explotación do servizo no mes de xaneiro do ano seguinte do exercicio correspondente.

E a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ante o incumprimento deste ingreso non solicitaba o canon ás empresas concesionarias (seguramente que había un acordo de que non se cobraría).



Non foi ata que o Consello de Contas solicitou o xustificante de pago deste canon, e requiriuno posteriormente cun retraso de 338 días dende o momento que tería que habelo feito.

A empresa concesionaria pagou, pero fíxoo como se o ingresara en período voluntario, sen ningún tipo de recargo.

Pero isto non aconteceu só no ano 2020 senón que no 2021 volveu a acontecer o mesmo.

b) Queixas dos usuarios

Neste informe conséntase que a maior parte das queixas quedan sen resposta, ou ben cunha resposta tardía e moi somera, non debendo pasar por alto que é obriga legal das administracións dar resposta nun prazo de 90 días.

c) Penalidades

Detéctase que existen procedementos de infraccións abertos, incluso cualificados como graves ou moi graves, pero sen impoñer penalidades en moitos casos. Tendo en conta que nos propios pregos, en base aos que se adxudican os contratos, prevese incluso como sanción a rescisión dos contratos para este tipo de infraccións.

d) Falla de planificación

Detéctase tamén neste informe unha falla e planificación deste plan para dar resposta ás necesidades de mobilidade.



O propio Consello de Contas recoméndalle á Xunta que reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo axustes necesarios na orientación de obxectivos.

Como se adoita dicir o que mal empeza mal acaba e cómpre recordar que o PP en canto chegou á Xunta no ano 2009 prorrogou en bloque todas as concesións de autobús e no ano 2016 o Tribunal Supremo anulounas.

Este tirón de orellas do Consello de Contas vén a sumarse a todas as sentenzas en contra que ten a Xunta neste eido. O TS vén de ratificar a sentenza do TSXG na que lle obrigaba á Comisión Galega de Competencia de abrírlle expediente sancionador a Alsa e Monbus por vulnerar normas da competencia e de repartirse o mercado. Estas sentenzas danlle un tirón de orellas á Xunta xa que a Comisión Galega de Competencia ante unha denuncia presentada con claros indicios de cometerse vulneración das normas de competencia arquivou o procedemento sen nin sequera practicar probas. E foi o TSXG o que lle dixo que tiña que abrir expediente sancionador. A Xunta recorreu e o TS ratificou o que dicía o TSXG.

Por todo o antedito, interesa coñecer a contestación ás seguintes preguntas:

1. Tendo en conta este informe do Consello de Contas, segue a pensar a Xunta de Galicia que os problemas detectados no Plan de Transporte Público de Galicia son problemas puntuais?
2. Vai a Xunta de Galicia reforzar o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos do Plan de Transporte Público de Galicia?
3. Existía un acordo entre a Xunta de Galicia e as empresas concesionarias para que estas non abonaran o canon pola explotación do servizo? De non ser



así, porque a Xunta de Galicia ante o incumprimento do pago do canon por parte das empresas concesionarias non llo requiría?

4. Vai a Xunta de Galicia analizar e dar resposta ás queixas dos usuarios e usuarias do transporte público competencia do Goberno galego?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 11:20:39

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 11:22:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á responsabilidade da Xunta de Galiza pola súa falta de atención, seguimento e participación da intermodal de Ourense, infraestrutura clave para a entrada da alta velocidade no conxunto do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ourense leva anos afrontando un importante debate político e social arredor da chegada da alta velocidade, ante a que a cidade é porta de entrada pola súa posición xeográfica e polos condicionantes técnicos da estación, que é ademais punto nodal para a vertebración do conxunto do territorio galego.

O 22 de xuño de 2016 asinouse un Convenio Marco de Colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galiza, o concello de Ourense e a Entidade Pública Empresarial ADIF Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e a súa contorna urbana. Ao amparo da cláusula novena do dito Convenio Marco de Colaboración constituíuse a comisión de seguimento do referido Convenio. Con posterioridade, no ano 2018, constituíuse comisión específica para o seguimento das obras do aparcadoiro, correspondéndolle á propia Consellaría a súa presidencia.

A comezos de 2020 a Xunta de Galiza anunciaba publicamente a demanda da convocatoria da comisión de seguimento da estación intermodal de Ourense para que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana aclarase as incertezas sobre a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

terminal ferroviaria sen que houbera ningún tipo de avance. Dito convenio expirou no ano 2020 sen que a Xunta solicitase o seu mantemento.

Máis recentemente, en outubro de 2023, a través da súa representación no Congreso, o BNG volvía preguntar ao Ministerio de Transportes pola evolución da situación da intermodal, toda vez que se coñeceu a decisión dunha nova licitación aprobada polo Consello de Ministros do pasado 3 de outubro, que vai supor outro retraso na execución desta infraestrutura necesaria para a cidade. Este proxecto xa fora licitado no mes de maio, por iso sorprendeu o novo anuncio, precedido doutros anteriores e infrutuosos por parte de gobernos centrais de distinta cor desde o ano 2011.

Aínda que é evidente que a intermodal de Ourense é, xunto coa rede ferroviaria galega, síntoma do abandono dos diferentes gobernos do Estado, é tamén evidente que nesta cuestión a falta de seguimento, actuación e participación do goberno galego, desde o ámbito das súas competencias, é clamorosa. Un desleixo que se confirmou coa construción dunha parte da intermodal para integrar o servizo de buses que foi unha oportunidade perdida para o desenvolvemento dunha mellora da mobilidade da cidade e do barrio da Ponte. Un desleixo que é cada vez maior porque o goberno galego está máis ocupado de facer oposición desde a súa institución do que de facer valer os intereses dos galegos e galegas.

É preciso, polo tanto, coñecer porque o goberno galego deixou caducar o convenio de colaboración asinado no ano 2016 e cantas veces solicitou a súa reunión ou algún outro tipo de foro ao goberno do Estado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como explica a Xunta a súa deixadez ante a situación da intermodal de Ourense ao non facer seguimento nin esixir o mantemento e continuidade do Convenio de colaboración entre as partes implicadas?

Cantas veces solicitou a Xunta a súa reunión desde febreiro de 2020?

Solicitou a prórroga do convenio entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galiza, o concello de Ourense e a Entidade Pública Empresarial ADIF Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e a súa contorna urbana? Por que?

Que valoración lle merece a diferente actuación das partes?

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para acadar unha saída?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2023 12:28:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/11/2023 12:34:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2023 12:35:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O paso da estrada AC-300 pola travesía do Sisto, na parroquia de Ribasar do Concello de Rois, representa un dos puntos máis perigosos do percorrido desta estrada, onde é frecuente ver a Dirección General de Tráfico con diversos efectivos e controis disuasorios -especialmente de velocidade- co obxecto de aumentar a seguridade viaria do lugar.

Esta estrada AC-300 funciona como o eixe de conexión máis áxil e curto entre núcleos de poboación tan importantes como Padrón (comarca do Sar) Brión e Bertamiráns (Ames), polo que o paso de vehículos de todo tipo é frecuente e continuo.

Nestas circunstancias, semella extremadamente importante mellorar a seguridade viaria no Sisto, un importante núcleo de poboación do concello de Rois, coa construción de beirarrúas, a mellora da sinalización, a instalación de pasos de peóns e outras medidas que sirvan para mellorar a seguridade viaria e anticiparse a posibles desgrazas futuras.

Por iso, interesa coñecer a resposta ás seguintes preguntas:

1. Considera o Goberno galego que se debe mellorar a seguridade da estrada autonómica AC-300 ao seu paso polo Sisto (Rois)?



2. Entende o Goberno galego que a construción de beirarrúas, mellora da sinalización e instalación de pasos de peóns mellorarían a seguridade desa estrada?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 13:27:46

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 13:28:02

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 13:28:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os servizos sociais comunitarios son o motor de base para sustentar o sistema de benestar. É a primeira porta de entrada para coa cidadanía e onde as políticas sociais se transforman en medidas reais e tanxible para a parte da cidadanía máis vulnerable.

O grupo de Goberno actual que dirixe na actualidade o Concello de Ourense, anunciou unha serie de recortes nas Unidades Interdisciplinares de Intervención Social, en materia de recursos humanos e materiais que preocupan moito á cidadanía en xeral e a colectivos especializados dos servizos sociais como por exemplo o Colexio Oficial de Traballo Social.

Os servizos municipais son imprescindibles para blindar os dereitos da cidadanía máis vulnerable e achegarse cada vez máis á igualdade real. As Unidades Interdisciplinares de Intervención Social do Concello de Ourense (UNIS) contan no seu cadro de persoal con traballadores/as sociais, educadores/as sociais e persoal administrativo, que traballan tramitando solicitudes de axuda a domicilio, atención e recoñecemento da dependencia, emerxencias sociais ou prestacións económicas, así como un traballo na detección de casuísticas de maltrato ou desamparo en menores en coordinación cos ETM. Ademais de cumprir as esixencias normativas que outorgan ás traballadoras sociais de referencia para os distintos núcleos de poboación, co fin de non centralizar os servizos sociais para non afastar as oportunidades á cidadanía máis vulnerable.



En Ourense contamos hai na actualidade catro Unidades Interdisciplinares de Intervención Social: UNIS Casco Vello, UNIS Centro, UNIS A Ponte e UNIS O Couto.

O pasado 26 de setembro, o rexedor anunciaba a través dun comunicado de prensa a súa intención de agrupar toda a área social do Concello de Ourense nunha soa sede que sería o edificio municipal da praza de San Martiño. Este anuncio viña a poñer de manifesto a súa intención de pechar as UNIS, entre outras cousas, e prescindir de boa parte do persoal dos servizos sociais municipais, algo que pagaría a parte máis vulnerable da cidadanía ourensá.

Ademais hai que ter en conta a normativa existente, a cal este anuncio incumpriía o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

CAPÍTULO I. Disposicións Xerais. 2. Os servizos sociais comunitarios garanten: b) A proximidade ás persoas usuarias e ás súas familias.

CAPÍTULO II. Dos dereitos e deberes das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios. Artigo 4. Dereitos das persoas usuarias. No marco do establecido no artigo 6 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, as persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios terán dereito: a) A ser tratadas co respecto debido a súa dignidade, intimidade e autonomía. b) A acceder e utilizar os servizos en condicións de igualdade e non discriminación. g) Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO III. Dos servizos sociais comunitarios básicos Sección 1.a. Disposicións xerais. Artigo 7. Requisitos xerais dos centros de servizos sociais comunitarios básicos. 1. Sen prexuízo da súa adaptación funcional e



arquitectónica ás características e planificación territorial de cada Concello, os centros de servizos sociais comunitarios básicos reunirán os seguintes requisitos xerais: a) Contarán cun espazo separado que permita a privacidade nas entrevistas e reunións necesarias para a intervención social individualizada. b) Contarán cun espazo de reunións proporcionado ás características e dimensións da poboación atendida. c) Asegurarán a posibilidade de atención de persoas con mobilidade reducida.

Por outra banda, en agosto de 2021, Gonzalo Pérez Jácome anunciaba un programa integral de avance social post COVID-19 para a contratación de traballadores/as sociais, educadores/as de familia e psicoloxía, entre outras especialidades. O obxecto era a incorporación como funcionarias interinas por un período de 3 anos a 12 traballadoras sociais, 4 educadores/as de familia e unha técnico/a da administración xeral, e 5 auxiliares administrativos. A intención do programa, segundo o propio Alcalde afirmou, era a de “potenciar a rede de servizos sociais como elemento básico para garantir o exercicio do conxunto dos dereitos sociais por parte da cidadanía”. O certo é que na actualidade o Concello de Ourense conta cun total de 26 traballadoras sociais distribuídos non só nas UNIS senón noutras dependencias da propia concellería. Sen embargo o propio Alcalde anunciou recentemente a súa intención, antes de que remate o 2023, de poñer fin a ese programa integral de avance social post COVID-19 mediante o cal están a traballar agora mesmo 13 profesionais (a metade dos existentes no Concello), ademais de persoal doutras especialidades.

O pasado día 3 de marzo, o Pleno de Ourense aprobou con votos do PSOE, BNG e PP esixirlle ao goberno municipal frear a intención dos recortes na área social do concello.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É coñecedora a Consellería de Política Social da situación da área de benestar do concello de Ourense en canto ao anuncio de recortes das UNIS?
2. Que medidas tomará a Xunta de Galicia para blindar o incumprimento normativo?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 16:31:38

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2023 16:31:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as medidas a tomar para garantir o futuro do sector da automoción na Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción está sufrindo profundos cambios no modelo de produción como consecuencia da transición do coche de combustión ao coche eléctrico, unha transformación da que Galiza está quedando atrás.

Mentres outros países axilizan as súas políticas para avanzar cara ao novo modelo de produción na automoción, estamos a ver como o Goberno Galego permanece impasible ante o incerto futuro da industria do automóbil galego, nomeadamente na área de Vigo.

Outras comunidades autónomas aseguran fondos e inversión para este sector a través do PERTE da automoción con políticas activas e medidas, con proxectos e inversións que aseguran a implantación de novas fábricas ou novos actores no sector.

Na Galiza a Xunta non impulsa absolutamente ningunha iniciativa de cara a apuntalar un sector estratéxico para o noso país, tanto do punto de vista económico, como de emprego, permanecendo paralizado mentres outros territorios avanzan no novo modelo de produción do automóbil.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recentemente o Goberno do Estado asignoulle a Stellantis 63,8 millóns de euros na segunda convocatoria do PERTE do automóbil para proxectos de ensamblaxe de baterías nas factorías de Vigo, Madrid e Zaragoza e para a construción dunha gigafactoría de baterías que a empresa decidiu instalar en Zaragoza.

O futuro do sector da automoción en Galiza pasa, entre outras medidas, pola instalación dunha fábrica de baterías preto da planta de fabricación de coches, polo que resulta inexplicable que o Goberno Galego permaneza impasible ante a aposta de Stellantis pola planta de Zaragoza; mentres Euskadi, Aragón, Valencia ou Extremadura apuntalan o sector no seu territorio con proxectos de futuro.

Vigo xa perdeu 6.100 empregos industriais desde o ano 2009 o que evidencia a necesidade urxente dunha aposta decidida polo tecido produtivo na maior cidade de Galiza, do que o sector da automoción é unha das pancas fundamentais.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Como valora o Goberno Galego a decisión de Stellantis de instalar a fábrica de baterías en Zaragoza?
- Considera o Goberno Galego que esta decisión vai prexudicar ao sector da automoción da Galiza, nomeadamente da área de Vigo?
- Ten feito o Goberno galego algunha actuación para garantir a instalación dunha fábrica de baterías na área de Vigo?
- Ten prevista o Goberno Galego a posta en marcha dun Plan Galego pola Automoción para apuntalar o futuro dun sector estratéxico para Vigo e para Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que actuacións pensa adoptar o Goberno Galego para garantir o futuro do sector da automoción galego?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 09/11/2023 16:39:23

Alexandra Fernández Gómez na data 09/11/2023 16:43:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 09/11/2023 16:44:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

A falta de profesorado de apoio para nenos e nenas con necesidades educativas especiais estase agudizando neste curso na Coruña. En moitos colexios faltan orientadores ou son compartidos con outros centros, segundo as asociacións de pais e nais de alumnos. Concretamente, na cidade da Coruña están nesta situación os CEIP Raquel Camacho, María Barbeito, Ramón de la Sagra e Salgado Torres.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno de Galicia da seria mingua na atención e calidade educativa que supón para o alumnado con necesidades especiais da Coruña a escaseza de profesionais que o atendan?
2. A que se debe esa escaseza?
3. Vai facer algo o Goberno de Galicia para corrixir este problema?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2023 17:08:09
Nº Rexistro: 62088
Data envío: 09/11/2023 17:08:09.354

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 09/11/2023 16:58:18

Noelia Otero Lago na data 09/11/2023 16:58:32

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 16:58:43

CSV: BOPGDSPG-A3SFm9Z9-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
227922

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación da atención primaria. Isto ven dunha ineficiente xestión en termos de recursos humanos froito das políticas de recortes do Goberno galego dos últimos anos, que levaron a que Galicia afronte un problema de persoal grave no sistema sanitario público.

A atención primaria está totalmente desbordada na nosa comunidade autónoma, cuns profesionais esgotados; con cada vez máis cadros de depresión e ansiedade entre os médicos e médicas e cun total desánimo.

Resulta necesario dotar aos centros sanitarios do persoal suficiente para atender as necesidades de cada municipio conforme a súa poboación. O Sergas ten que facer efectiva a substitución das baixas, das vacacións e das xubilacións dos facultativos para ter unha atención aos pacientes de calidade.

Neste contexto a veciñanza de Gondomar ten que esperar dez días por unha consulta no seu centro de saúde pola falta de médicos. Levan catro meses con cinco facultativos, dous menos do estipulado. Isto conleva a sobrecarga dos cinco médicos que están pasando consulta, xerando unha situación insostible, segundo denuncia o propio cadro de persoal do centro e alerta do “risco para a saúde dos habitantes de Gondomar e para a saúde dos seus profesionais”



Esta situación de escaso persoal xa ven dende o mes de xaneiro. Pouco despois de comezar o ano un dos facultativos causou baixa laboral prolongada ata que se xubilou en setembro. O Sergas comprometérase a cubrir esta praza no mes de outubro, nos últimos días dese mes confirmouse que non se incorporará ningún profesional e esas prazas, polo que seguirán vacantes.

A maiores, se suma unha baixa por maternidade dende o 30 de xuño que tampouco foi substituída e que se estenderá ata febreiro ou marzo do ano 2024.

Esta situación provoca que parte da poboación non estea debidamente atendida. Ao non ter unha persoa substituta os e as pacientes as atenden un profesional diferente cada vez que van ao centro de saúde cos prexuízos que iso conleva. Así estase deteriorando a calidade asistencial e a fatiga acumulada do persoal facultativo ao longo de tantos meses.

En circunstancias normais cada médico de familia en Gondomar atende entre 42 e 50 pacientes ao día. O persoal médico deste centro de saúde denuncia que o Sergas o que fai é o que chaman prolongación de xornada con axendas de 26 pacientes máis, nas que non se contemplan nin urxencias, nin atencións a domicilio. Esta solución é insuficiente para as necesidades de tanto meses. Sería a solución cando as ausencias son curtas, con días libres ou vacacións, pero non neste caso.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai cubrir o Sergas as prazas vacantes de médicos de familia do centro de saúde de Gondomar?



2. Por que non se cubriron as prazas vacantes, cando xa se sabía que este centro de saúde ía ter dous facultativos menos por unha xubilación e unha baixa de maternidade?

Santiago de Compostela, 9 de novembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 09/11/2023 17:43:09

Julio Torrado Quintela na data 09/11/2023 17:43:17

Marina Ortega Otero na data 09/11/2023 17:43:27



Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Árias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

A aldea de Codesido, na parroquia de Ribasar do concello de Rois, sofre continuamente problemas de asolagamentos e inundacións cada vez que se produce unha enchente do río Sar. Para solucionar este trastorno recorrente para os veciños e veciñas deste lugar, propónse dende hai décadas unha nova ponte que evitaría que esa aldea, próxima ao Faramello, quedase illada días enteiros.

O DOG nº 235, do 13 de decembro de 2022, publicaba unha resolución para o cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80 % do gasto elixible, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, dos contratos de redacción dos proxectos construtivos de melloras estruturais para a redución do risco de inundación da área fluvial río Ulla e río Sar, dividido en 5 lotes (un no concello de Valga e 4 no de Padrón), cun valor estimado do contrato de 252.148,37 €.

Eses proxectos, programados e financiados nos orzamentos da Xunta para o exercicio 2023 non se executaron e volven agora a aparecer no proxecto de contas para 2024, pero nos mesmos termos, sen ser ampliados ao concello veciño tendo en conta os problemas similares que presenta.

Tal e como advirte o seu Grupo Municipal Socialista, o concello de Rois merece un trato igualitario para o lugar de Codesido, tamén da conca do Sar, que sofre



dende hai décadas os mesmos problemas que os concellos próximos sen que a Administración autonómica teña achegada unha solución.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Coñece o Goberno galego os problemas que se dan no lugar de Codesido (Rois) cando se produce a crecida do río Sar?
2. Que solución propoñen para solucionar o problema?
3. Considera que a construción dunha nova ponte axudaría a evitar o illamento dos veciños e veciñas cando se producen as crecidas do río Sar?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 09/11/2023 13:31:40

Patricia Otero Rodríguez na data 09/11/2023 13:31:55

Eduardo Ojea Arias na data 09/11/2023 13:32:10



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

O Tribunal Constitucional acaba de avalar o denominado imposto ás grandes fortunas, rexeitando o recurso impulsado pola presidenta da Comunidade de Madrid e que tamén fora recorrido pola Comunidade Autónoma de Galicia, Andalucía e Murcia, por iso é necesario coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta sentenza do Tribunal Constitucional?

Parlamento de Galicia, 9 de novembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data **09/11/2023 13:56:26**

Gonzalo Caballero Míguez na data **09/11/2023 13:56:38**



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

